

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13723 *Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos as que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Desde o mesmo momento da súa aparición, durante a década dos anos trinta do século XIX, as caixas de aforros configuráronse como entidades de beneficencia, orientadas ao fomento e protección do aforo e á xeneralización do acceso ao crédito das clases sociais máis desfavorecidas. Este aspectos son aínda hoxe de fonda preocupación, como a protección dos intereses dos pequenos aforradores ou a exclusión financeira, é dicir, a existencia de cidadáns que non poidan acceder por diferentes circunstancias aos servizos financeiros convencionais, foron abordados por unhas institucións que, máis aló da súa integración nun panorama financeiro fortemente competitivo, asumiron de maneira propia preocupacións de carácter social. Esta mesma vocación social conduciu a unha preferencia natural pola actividade financeira máis básica, de menor risco e sofisticación e máis próxima ao interese do cidadán. Así mesmo, xunto a esta opción preferencial por un modelo de negocio sinxelo e a súa vocación social, a actuación histórica das caixas sempre se desenvolveu desde unha perspectiva marcadamente local, cun profundo arraigamento á provincia ou municipios onde se constituíron e cunha gran sensibilidade ás necesidades e peculiaridades propias do territorio en que actúan. É nestes factores primixenios de carácter social, simplicidade do negocio e apego territorial, onde radicou historicamente gran parte da súa xeral aceptación e do seu éxito como institucións bancarias singulares.

Xa a partir da primeira norma que regulou as caixas de aforros, a Real orde do 3 de abril de 1835, a súa evolución vén marcada por unha continua expansión, motivada pola progresiva liberalización do seu réxime xurídico e a súa asimilación ao do resto das entidades de crédito, fundamentalmente os bancos. Deste modo, aínda que xa durante a primeira metade do século XX as caixas de aforros incrementaron o tipo de operacións crediticias que realizaban, foi durante a segunda metade do século pasado cando estenderon de maneira definitiva o seu tamaño e influencia e se instauraron finalmente como entidades de crédito en toda regra. Esta evolución permitiu ás caixas de aforros realizar operacións de cada vez maior complexidade e ampliar substancialmente o seu ámbito de actuación territorial.

Foi especificamente o Real decreto 2290/1977, do 27 de agosto, para a regulación dos órganos de goberno e das funcións das caixas de aforros, a norma que permitiu ás caixas de aforros realizar as mesmas operacións que as autorizadas á banca privada. Así mesmo, a aprobación da Constitución española de 1978 e a consecuente descentralización da organización territorial do Estado supuxeron outro fito esencial na configuración das caixas, toda vez que as comunidades autónomas pasaron a adquirir un papel clave tanto na regulación como na xestión destas entidades. O modelo definitivo de caixas cristalizou finalmente na Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforros, que perseguíu o triplo obxectivo de democratizar os órganos

de goberno das caixas de aforros, profesionalizalos e axustar o réxime normativo destas entidades á nova organización territorial do Estado. Esta lei, xunto á normativa que para o seu desenvolvemento ditaron as comunidades autónomas, debuxou o réxime xurídico aplicable ás caixas de aforros até os nosos días no cal se acentuou a súa dimensión financeira ordinaria, se vincularon os seus fins sociais á chamada obra benéfico-social e se reconduciu o seu arraigamento territorial desde a mera concentración da súa actividade nun territorio cara a unha implicación máis activa das comunidades autónomas, tanto no deseño do seu marco xurídico como na influencia nos seus órganos de goberno.

Tras o despregamento total do modelo por toda a xeografía española durante os últimos anos, as consecuencias da crise económica sobre o conxunto do sector financeiro español afectaron con tal intensidade as caixas de aforros que fixeron necesario reformular de maneira exhaustiva e integral o seu réxime xurídico. Non resulta exaxerado cualificar como histórica e sen precedentes a rapidez e profundidade con que se sucederon os cambios regulatorios e operativos no sector. De feito, a práctica totalidade das caixas de aforros españolas participaron ou encóntranse participando nalgún proceso de integración; creouse a nova figura das caixas de aforros de exercicio indirecto, que desenvolven a súa actividade financeira a través de entidades bancarias e, deste modo, varias entidades comezaron a cotizar en mercados oficiais; e incluso se previron normativamente as fundacións de carácter especial co obxecto de permitir a separación completa da actividade bancaria e a obra social das caixas de aforros. En efecto, todo este proceso veu acompañado dunha profusa lexislación que deu respostas inevitablemente rápidas aos acontecementos que se viñan producindo con extraordinaria celeridade. Esta lexislación, entre a que convén subliñar expresamente o Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros, xorde ante a necesidade de reaccionar fronte á deterioración da situación financeira tanto a nivel nacional como internacional e buscou promover, facilitar e, en última instancia, canalizar o proceso de reestruturación das caixas. O resultado disto é a existencia dun conxunto de normas que, dunha maneira dispersa, contén regulación que afecta as caixas de aforros.

Pero, sobre todo, convén destacar que durante os últimos anos foi necesaria unha profunda intervención dos poderes públicos para acometer o saneamento e reestruturación de boa parte das caixas de aforros, cuxa situación financeira chegou a comprometer moi gravemente o conxunto da estabilidade financeira en España. As dificultades para garantir a viabilidade de certas caixas de aforros e as súas debilidades estruturais para reforzar autonomamente a súa solvencia exixiron un esforzo extraordinario da sociedade española, que incluíu a solicitude de asistencia financeira externa aos socios do Eurogrupo e a nacionalización daquelas caixas de aforros que se encontraban en maiores dificultades de solvencia. Realizado este esforzo, procede aprobar agora unha lei que recolla, con vocación de estabilidade e nun único texto, o réxime xurídico futuro das caixas de aforros. Un novo réxime que veña conxugar os valores clásicos das caixas de aforros xa referidos, carácter social e arraigamento territorial, coas leccións que os históricos acontecementos recentes puxeron de manifesto.

II

Esta lei dítase de conformidade co previsto nas regras 6.^a, 11.^a e 13.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que atribúen ao Estado as competencias sobre lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

En relación coa regulación das caixas de aforros, a distribución competencial entre o Estado e as comunidades autónomas quedou ben definida nas últimas décadas grazas á xurisprudencia do Tribunal Constitucional, que tivo a oportunidade de se pronunciar en diferentes ocasións para diferenciar os aspectos relativos á regulación das caixas que teñen carácter básico e, polo tanto, son de competencia estatal, daqueles que, por constituíren lexislación de desenvolvemento, entran dentro do ámbito competencial das comunidades autónomas.

Esta lei ten en conta, como non podería ser doutra maneira, esta xurisprudencia e centra a súa regulación naquelas cuestións definidas como básicas para a regulación do sector crediticio español, como poden ser a fixación da estrutura, organización interna e funcións das caixas, ou a determinación dalgúns aspectos fundamentais da súa actividade. Do mesmo modo, incluíronse nesta lei aquelas cuestións que afectan a solvencia e a supervisión das caixas de aforros, pois exixen un tratamento normativo uniforme en todo o territorio nacional. Hai que ter presente, en todo caso, que a lexislación que se aproba, aínda que varíe o contido, segue un esquema formal similar ao da Lei 31/1985, do 2 de agosto, sobre cuxa constitucionalidade xa se pronunciou o Tribunal Constitucional.

Hai, porén, algúns aspectos innovadores nesta regulación das caixas que requiren algunha precisión en relación coa súa xustificación. Por un lado, preveuse unha restrición do tamaño das caixas, que vén motivada pola necesidade de que en ningún caso poidan alcanzar unha dimensión que as faga sistémicas. Trátase, polo tanto, dunha medida que busca garantir a estabilidade do sistema financeiro. A estrutura xurídica das caixas non permite facer fronte a situacións de crise coa axilidade necesaria debido ás dificultades con que contan para atraer capitais. Por isto, cómpre evitar que as caixas teñan un tamaño excesivo e poidan pór en perigo o sistema financeiro. Por outro lado, aínda que relacionado co anterior, buscouse que as caixas de aforros operen fundamentalmente no ámbito territorial dunha comunidade autónoma ou en provincias limítrofes entre si, incluíndo loxicamente neste caso as comunidades autónomas uniprovinciais, para que a función social da entidade estea vinculada a unha área xeográfica cunhas características, peculiaridades e necesidades comúns. Estréitase así a vinculación entre o lugar de orixe da caixa e o territorio que será beneficiario da función social, o que permitirá o tradicional arraigamento que tiveron as caixas no seu lugar de actuación. Desde logo, esta regulación afecta os elementos esenciais de funcionamento das caixas e, polo tanto, debe ter carácter básico.

No que respecta ás fundacións bancarias, estamos ante unha figura innovadora para o ordenamento xurídico español. É conveniente, pois, explicar as razóns que xustifican a súa regulación con carácter básico por parte do Estado.

De acordo con esta lei aquelas fundacións cuxa participación nunha entidade de crédito supere unha determinada porcentaxe serán consideradas fundacións bancarias. A necesidade de establecer un réxime xurídico sistemático desde unha perspectiva financeira para este tipo de entidades obedece a que a fundación bancaria será, a partir da entrada en vigor desta lei, un actor principal presente en gran parte das entidades de crédito do noso país, algunhas delas sistémicas; polo tanto, increméntase a posibilidade de que un funcionamento inadecuado destas entidades teña consecuencias para a estabilidade do sistema financeiro.

Na medida en que contan con participacións significativas, e mesmo de control, en entidades financeiras, o lexislador non pode ignorar o réxime xurídico deste tipo de fundacións. Ao contrario, cómpre que as fundacións bancarias sexan obxecto dunha regulación similar á que o Estado ditou en relación co resto das entidades de crédito. Só desta maneira se garante unha adecuada ordenación do crédito no noso país.

En todo caso, a necesidade de respectar a distribución competencial aplicable a esta materia, que afecta tanto as fundacións como a ordenación do crédito e a banca, fai que a lei simplemente entre a regular os aspectos fundamentais da organización e do funcionamento das fundacións bancarias, como son os relativos ao réxime de profesionalidade e incompatibilidade dos membros que integran os órganos de goberno, as relacións coas entidades de crédito participadas, que dan lugar á aprobación dun plan de xestión e dun plan financeiro, así como as cuestións de supervisión e de transparencia. Esta intervención estatal nas fundacións bancarias realízase de maneira gradual en función do nivel de control que a fundación bancaria pode ter na entidade de crédito participada, posto que canto maior sexa a súa participación en tal entidade de crédito, maiores son a súa incidencia e afección á estabilidade financeira.

III

A lei estrutúrase en dous títulos, o primeiro dos cales aborda a regulación propia das caixas de aforros, mentres que o segundo establece a regulación relativa ás fundacións bancarias. Dada a estreita vinculación entre ambas as entidades, xulgouse oportuno que a súa regulación xurídica estivese contida nun único texto normativo.

En relación co réxime xurídico das caixas de aforros, a estrutura do título I desta norma parte en boa medida da contida na Lei 31/1985, do 2 de agosto, ben que se introducen novidades de calado.

En primeiro lugar, propúxose unha volta ao modelo tradicional de caixas ao se realizar unha vinculación explícita da súa actividade financeira coas necesidades dos clientes retalistas e das pequenas e medianas empresas, de maneira que este tipo de entidades financeiras focalicen as súas funcións naquelas capas da sociedade que teñen máis difícil acceso a outro tipo de entidades ou servizos financeiros. En liña co anterior, esta lei introduce a exigencia de que as caixas de aforros desenvolvan as súas actuacións no ámbito local e teñan un tamaño reducido. O marco fundamental de actuación das caixas de aforros debe ser fundamentalmente o da comunidade autónoma onde se implante, sen que poidan desenvolver funcións a nivel nacional; e impídese de maneira expresa que as caixas teñan un tamaño o suficientemente grande como para que adquiran carácter sistémico. Aquelas caixas que medren por encima dos límites permitidos perderán a súa licenza bancaria, deberán transmitir a súa actividade financeira a unha entidade de crédito e deberanse transformar en fundacións bancarias. Neste sentido, a norma dá continuidade e completa o esquema de exercicio indirecto da actividade financeira por parte das caixas de aforros que preveu o Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros.

Por outro lado, a lei realiza tamén un importante exercicio de profesionalización dos órganos de goberno das caixas de aforros, aspecto cuxa necesidade foi posta de relevancia tanto a nivel internacional como nacional. En particular, a partir de agora será necesario que todos os membros do consello de administración da caixa, e non só a maioría, como se exixía anteriormente, conten con coñecementos e experiencia específicos para o exercicio das súas funcións. Prodúcese, en consecuencia, unha translación ás caixas de aforros do réxime de profesionalidade aplicable ás entidades bancarias. Este mesmo obxectivo de incremento da profesionalización na xestión das caixas levou, igualmente, a introducir importantes modificacións na composición da asemblea xeral. Así, redúcese a porcentaxe de participación das administracións públicas dun 40 a un 25 por cento e refórzase o papel dos impositores mediante a previsión dun novo mecanismo para a designación dos seus representantes na asemblea xeral e incrementando a súa presenza nela até o abano do 50 e 60 por cento. Este conxunto de medidas pretende que precisamente aquelas persoas que teñen depositados os seus aforros nas caixas poidan ver mellor representados os seus intereses nos órganos de goberno. Dado o substancial incremento do número e relevancia dos impositores no goberno das caixas faise necesario garantir unha regra uniforme en todo o Estado que determine a súa elección como conselleiros xerais.

Outro aspecto de singular relevancia que se aborda con esta lei é o relativo á fixación dos requisitos de independencia e as normas sobre incompatibilidade no exercicio das funcións de goberno das caixas. Especialmente innovadora é, a este respecto, a necesidade de que nos órganos de goberno e nos comités das caixas de aforros exista unha porcentaxe de conselleiros independentes. A figura do conselleiro independente é esencial en materia de goberno corporativo, pois toma as súas decisións nos órganos de goberno de acordo con criterios de obxectividade e neutralidade.

O título II da lei aborda a regulación básica sobre as fundacións bancarias, inspirándose na figura das fundacións de carácter especial recollidas no Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo.

A regulación comeza definindo as fundacións bancarias como aquelas fundacións que teñen unha porcentaxe mínima do 10 por cento de participación nun banco, o cal afecta, en atención a un inescusable respecto aos principios de igualdade e non

discriminación, tamén aquelas fundacións ordinarias que teñen ou adquiren tal porcentaxe de participación nun banco.

Regúlase igualmente o réxime de transformación nunha fundación bancaria, tanto das caixas de aforros como das fundacións ordinarias. Respecto ás caixas de aforros, a súa transformación producirase en dous supostos diferentes: cando unha caixa de aforros creza por encima dos límites permitidos pola lei, dado que é necesario que as caixas non incrementen o seu volume a niveis que as fagan sistémicas; e no suposto de caixas que no momento da entrada en vigor da lei estean exercendo a súa actividade financeira a través dun banco. Posto que a caixa xa non exerce actividade financeira ningunha e centra as súas funcións na acción social, non ten xustificación, e supón en certa medida unha anomalía, que manteña a licenza bancaria. Respecto ás fundacións ordinarias, a transformación en fundación bancaria producirase no caso de que adquiren a mencionada porcentaxe do 10 por cento de participación nun banco.

A lei introduce, ademais, normas en relación cos órganos de goberno das fundacións bancarias, o réxime de participación da fundación bancaria na entidade de crédito, así como obrigas en materia de goberno corporativo e transparencia. Trátase, en todo caso, de que as fundacións bancarias, en canto actores significativos do sistema crediticio español, actúen cos niveis de profesionalidade, independencia, transparencia e eficiencia máximos, sen que en ningún caso se poida pór en perigo a solvencia das entidades en que participan. Non obstante, hai que resaltar que a aplicación destas normas ás fundacións bancarias se realiza de acordo cun esquema graduado e, deste modo, escrupulosamente respectuoso coa repartición constitucional de competencias, de tal forma que certas obrigas previstas nesta lei só serán de aplicación a aquelas fundacións bancarias que teñan unha participación cualificada ou de control nunha entidade de crédito.

Con carácter xeral, a todas as fundacións bancarias lles será de aplicación a normativa sobre goberno corporativo, pero só a aquelas fundacións que teñan unha participación igual ou superior ao 30 por cento nunha entidade de crédito ou de control nela se lles imporá a obriga de elaborar un protocolo de xestión en que se expoñan os elementos esenciais que definan as relacións entre ambas as entidades, así como un plan financeiro en que se defina como poderá facer fronte a fundación bancaria a posibles necesidades de financiamento que nunha situación de dificultade poida requirir unha entidade de crédito.

O maior grao de intervención da normativa estatal, finalmente, recaerá sobre aquelas fundacións bancarias que desempeñen posicións de control sobre unha entidade de crédito ou teñan unha participación superior ao 50 por cento. Estas entidades deberán elaborar un plan de diversificación dos seus investimentos para minimizar riscos e constituír un fondo de reserva para garantir o financiamento da entidade de crédito participada en situacións de dificultades, non poderán exercer os dereitos políticos cando participen en incrementos de capital en determinadas condicións e a distribución de dividendos deberá ser aprobada por un quórum e unha maioría reforzados da asemblea xeral. Con este conxunto de medidas promóvese que as fundacións bancarias reduzan paulatinamente a súa participación nas entidades de crédito, co fin de que o proceso de reestruturación do sistema financeiro español conclúa nun período de tempo razoable.

Finalmente, a lei inclúe unha serie de disposicións entre as que destacan o establecemento dun réxime especial en caso de ampliación de capital en entidades bancarias participadas por fundacións bancarias, así como para a distribución de dividendos. No que se refire, en particular, ás ampliacións da participación das fundacións bancarias con control dunha entidade de crédito, a disposición adicional oitava impide o exercicio dos dereitos políticos das accións subscritas nas ampliacións de capital da entidade de crédito. Non obstante, garántese, ao mesmo tempo, que aquelas fundacións que adquiren accións nunha ampliación poidan exercer os dereitos políticos necesarios para non se diluíren máis aló do indispensable para que a súa participación quede por debaixo do 50 por cento ou da posición de control da entidade.

A disposición transitoria primeira prevé, pola súa parte, a transformación das caixas de aforros de exercicio indirecto en fundacións bancarias no prazo dun ano desde a

- Sección 2.^a Goberno corporativo.
- Artigo 31. Informe de goberno corporativo e informe anual sobre remuneracións.
- Título II. Das fundacións bancarias.
- Capítulo I. Disposicións xerais.
- Artigo 32. Fundación bancaria.
- Artigo 33. Réxime xurídico.
- Capítulo II. Transformación en fundacións bancarias.
- Artigo 34. Obriga de transformación das caixas de aforros.
- Artigo 35. Procedemento de transformación das caixas de aforros.
- Artigo 36. Procedemento de transformación das fundacións ordinarias.
- Capítulo III. Goberno da fundación bancaria.
- Artigo 37. Órganos de goberno.
- Artigo 38. Padroado.
- Artigo 39. Composición do padroado.
- Artigo 40. Requisitos dos padroeiros.
- Artigo 41. Presidencia do padroado.
- Artigo 42. Director xeral e secretario do padroado.
- Capítulo IV. Participación en entidades de crédito
- Artigo 43. Protocolo de xestión da participación financeira.
- Artigo 44. Plan financeiro.
- Capítulo V. Réxime de control.
- Artigo 45. Protectorado.
- Artigo 46. Funcións do Banco de España.
- Artigo 47. Réxime sancionador.
- Capítulo VI. Obrigas de goberno corporativo.
- Artigo 48. Informe anual de goberno corporativo.
- Capítulo VII. Réxime fiscal das fundacións bancarias.
- Artigo 49. Réxime fiscal.
- Disposición adicional primeira. Fundacións de carácter especial e fundacións ordinarias.
- Disposición adicional segunda. Adaptación das caixas de aforros.
- Disposición adicional terceira. Aplicación dos recursos ao cumprimento dos fins das fundacións bancarias.
- Disposición adicional cuarta. Continuidade dos órganos de goberno.
- Disposición adicional quinta. Montes de piedade.
- Disposición adicional sexta. Denominación de fundacións ordinarias.
- Disposición adicional sétima. Fusións de caixas de aforros e traslado de domicilio social.
- Disposición adicional oitava. Ampliacións da participación das fundacións bancarias nunha entidade de crédito.
- Disposición adicional novena. Procesos de actuación temperá, reestruturación e resolución.
- Disposición adicional décima. Dividendos nas entidades de crédito controladas por unha fundación bancaria.

- Disposición adicional décimo primeira. Confederación española de caixas de aforros.
- Disposición adicional décimo segunda. Federacións de caixas de aforros.
- Disposición adicional décimo terceira. Amortización de cotas participativas.
- Disposición adicional décimo cuarta. Emisións vivas de caixas de aforros.
- Disposición adicional décimo quinta. Denominación das entidades de crédito que recibiron a súa actividade financeira de caixas de aforros.
- Disposición adicional décimo sexta. Réximes forais.
- Disposición transitoria primeira. Caixas de aforros de exercicio indirecto.
- Disposición transitoria segunda. Compatibilidade temporal de conselleiros.
- Disposición derogatoria.
- Disposición derradeira primeira. Modificación do Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas.
- Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.
- Disposición derradeira terceira. Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.
- Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.
- Disposición derradeira quinta. Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.
- Disposición derradeira sexta. Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.
- Disposición derradeira sétima. Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.
- Disposición derradeira oitava. Modificación do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Disposición derradeira novena. Modificación da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.
- Disposición derradeira décima. Títulos competenciais.
- Disposición derradeira décimo primeira. Adaptación da lexislación das comunidades autónomas en materia de caixas de aforros.
- Disposición derradeira décimo segunda. Habilitación normativa.
- Disposición derradeira décimo terceira. Entrada en vigor.

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto o establecemento do réxime xurídico de carácter básico das caixas de aforros e das fundacións bancarias.

TÍTULO I

Das caixas de aforros

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 2. *Definición, finalidade e normativa aplicable.*

1. As caixas de aforros son entidades de crédito de carácter fundacional e finalidade social cuxa actividade financeira se orientará principalmente á captación de fondos reembolsables e á prestación de servizos bancarios e de investimento para clientes retalistas e pequenas e medianas empresas.

O seu ámbito de actuación non excederá o territorio dunha comunidade autónoma. Non obstante, poderase superar este límite sempre que se actúe sobre un máximo total de dez provincias limítrofes entre si.

2. A obra social das caixas de aforros poderá ter como destinatarios os impositores, os empregados da propia caixa e colectivos necesitados, así como dedicarse a fins de interese público do seu territorio de implantación.

3. Sen prexuízo da normativa das comunidades autónomas onde as caixas de aforros teñan o seu domicilio social, estas rexeranse, con carácter básico, polo previsto nesta lei e, supletoriamente, en canto sexa de aplicación, polo disposto no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e demais normas do ordenamento xurídico-privado.

CAPÍTULO II

Órganos de goberno

Artigo 3. *Órganos de goberno.*

1. A administración, xestión, representación e control das caixas de aforros corresponde aos seguintes órganos de goberno:

- a) Asemblea xeral.
- b) Consello de administración.
- c) Comisión de control.

Adicionalmente, no seo do consello de administración, constituiranse as comisións de investimentos, de retribucións e nomeamentos e de obra social.

2. Os compoñentes dos órganos de goberno exercerán as súas funcións en beneficio exclusivo dos intereses da caixa e do cumprimento das finalidades previstas no artigo 2.2 desta lei. En particular, os vogais do consello de administración e os directores xerais ou asimilados, así como os responsables das funcións de control interno e aqueles que desempeñen outros postos clave para o desenvolvemento diario da actividade da entidade, deberán reunir os requisitos de honorabilidade, experiencia e bo goberno exixidos pola lexislación aplicable para estes efectos aos membros do órgano de administración e cargos equivalentes dos bancos.

3. O exercicio do cargo de membro dos órganos de goberno dunha caixa de aforros será incompatible co de todo cargo político electo e con calquera cargo executivo en partido político, asociación empresarial ou sindicato.

4. O exercicio do cargo de membro dos órganos de goberno dunha caixa de aforros será igualmente incompatible co de alto cargo da Administración xeral do Estado, da Administración das comunidades autónomas e da Administración local, así como das entidades do sector público, de dereito público ou privado, vinculadas ou dependentes daquelas. Tal incompatibilidade estenderase durante os dous anos seguintes á data do cesamento dos altos cargos.

Sección 1.^a A asemblea xeral

Artigo 4. *Grupos de representación na asemblea xeral.*

1. A asemblea xeral, como órgano supremo da caixa de aforros, deberá reflectir adecuadamente na súa composición os intereses das entidades fundadoras, dos impositores e dos destinatarios da obra social.

Os membros da asemblea xeral denominaranse conselleiros xerais.

2. O número de membros da asemblea xeral será fixado polos estatutos de cada caixa de aforros de acordo cun principio de proporcionalidade en función da súa dimensión económica entre un mínimo de 30 e un máximo de 150.

3. A representación dos intereses mencionados no número 1 axustarase á vontade do fundador. En todo caso, deberanse respectar as seguintes limitacións:

a) O número de conselleiros xerais designados polos impositores, segundo o procedemento sinalado no artigo 5, non poderá ser inferior ao 50 por cento nin superior ao 60 por cento.

b) O número de conselleiros xerais designados polas administracións públicas e entidades e corporacións de dereito público, se for o caso, non poderá superar no seu conxunto o 25 por cento.

c) O número de conselleiros xerais designados polos traballadores, se for o caso, non excederá o 20 por cento.

d) O número de conselleiros xerais designados polas entidades representativas de intereses colectivos non excederá, se for o caso, o 20 por cento.

4. Presidirá a asemblea xeral o presidente do consello de administración, e actuarán de vicepresidente ou vicepresidentes, se for o caso, aqueles que o sexan do consello, cuxo secretario exercerá as correspondentes funcións tamén en ambos os órganos.

En ausencia do presidente e vicepresidentes, a asemblea nomeará un dos seus membros presidente en funcións, para dirixir a sesión de que se trate.

Artigo 5. *Conselleiros xerais elixidos en representación dos impositores.*

1. Os conselleiros xerais correspondentes a este sector na caixa distribuiranse por circunscricións, que poderán ser provinciais, comarcais, municipais ou distritos de grandes capitais. A distribución do número de conselleiros por cada circunscrición farase en proporción á cifra de depósitos captados pola caixa en cada unha delas.

2. Dos conselleiros xerais correspondentes a cada circunscrición, polo menos a metade atribuirase á quenda de grandes impositores. Nesta quenda serán designados os impositores que mantivesen os maiores depósitos medios na circunscrición durante os dous últimos anos anteriores á renovación.

3. O resto de conselleiros xerais serán elixidos polo sistema de compromisarios, os cales serán designados de entre os propios impositores da circunscrición mediante sorteo ante notario público. O número de compromisarios que se designe gardará proporción co de conselleiros xerais que se elixan, sen que a dita proporción poida ser inferior a 10 a 1. Cada compromisario non poderá figurar máis que por unha soa circunscrición.

4. A determinación das circunscricións e do número de compromisarios que elixa cada unha delas revisaraa a comisión de control, dentro dos seis meses anteriores ao inicio do proceso da renovación.

5. As comunidades autónomas e as caixas de aforros adoptarán as medidas necesarias para que se garanta a independencia dos conselleiros xerais en representación do grupo de impositores respecto a outros grupos.

As caixas de aforros deberán remitir ao Banco de España un informe anual no cal determinen as medidas adoptadas para garantir a independencia dos conselleiros xerais deste grupo. Este informe será elaborado pola comisión de control e elevado á asemblea xeral, que o votará como punto separado da orde do día.

6. Sen prexuízo do previsto no artigo 11.2 desta lei, a renovación dos conselleiros xerais elixidos en representación dos impositores farase por metades cada período de tempo resultante de dividir o seu prazo de mandato estatutario entre dous.

Artigo 6. *Representación das entidades locais.*

As entidades locais que sexan fundadoras de caixas de aforros que operen total ou parcialmente no mesmo ámbito de actuación ca outra caixa non poderán nomear representantes nesta última.

Artigo 7. *Representación das persoas ou entidades fundadoras.*

Os conselleiros xerais representantes das persoas ou entidades fundadoras das caixas, sexan institucións públicas ou privadas, serán nomeados directamente pola persoa ou entidade fundadora.

Artigo 8. *Representación dos empregados.*

1. Os conselleiros xerais representantes dos empregados serán elixidos, se for o caso, mediante sistema proporcional polos seus representantes legais. Os candidatos deberán ter, como mínimo, unha antigüidade de dous anos no cadro de persoal.

2. Os conselleiros xerais representantes dos empregados terán as mesmas garantías que as establecidas para os representantes legais dos traballadores no artigo 68.c) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Artigo 9. *Requisitos dos conselleiros xerais.*

Os conselleiros xerais deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física, con residencia habitual na rexión ou zona de actividade da caixa de aforros.
- b) Ser maior de idade e non estar incapacitado.
- c) Estar ao día no cumprimento das obrigas que contraesen coa caixa de aforros por si mesmos ou en representación doutras persoas ou entidades.
- d) Non estar incurso nas incompatibilidades reguladas no artigo 10 desta lei.

Adicionalmente, no caso de ser elixido en representación do grupo dos impositores, os conselleiros deberán ter a condición de impositor da caixa de aforros a que se refira a designación cunha antigüidade superior a dous anos no momento da elección. Así mesmo, deberán ter un saldo medio en contas non inferior ao que se determine nas normas que desenvolvan esta lei.

Artigo 10. *Incompatibilidade dos conselleiros xerais.*

Non poderán desempeñar o cargo de conselleiro xeral:

a) Os presidentes, conselleiros, administradores, directores, xerentes, asesores ou asimilados doutra entidade de crédito ou de corporacións ou entidades que propugnen, sosteñan ou garantan institucións ou establecementos de crédito ou financeiros, ou as persoas ao servizo da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas que realicen funcións directamente relacionadas coas actividades propias das caixas de aforros. Exceptúanse do previsto nesta letra aqueles que desempeñen cargos noutras entidades de crédito en representación da caixa ou promovidos por ela.

b) Os que se encontren ligados á caixa de aforros ou á sociedade en cuxo capital participe aquela por contratos de obras, servizos, subministracións ou calquera outro traballo retribuído, con excepción daqueles que estean vinculados á caixa por relación laboral, durante o período en que se manteña vixente a respectiva relación e dous anos despois, como mínimo, computados a partir da súa extinción.

c) Os que, por si mesmos ou en representación doutras persoas ou entidades:

1.º Mantivesen, no momento de seren elixidos os cargos, débedas vencidas e exixibles de calquera clase fronte á entidade.

2.º Durante o exercicio do cargo de conselleiro incorresen no incumprimento das obrigas contraídas coa caixa con motivo de créditos ou préstamos ou por impagamento de débedas de calquera clase fronte á entidade.

Artigo 11. *Mandato e renovación dos conselleiros xerais.*

1. Os conselleiros xerais serán nomeados por un período que será o sinalado nos estatutos, sen que poida ser inferior a catro anos nin superior a seis, nos termos que establezan as leis das comunidades autónomas. Non obstante, os estatutos poderán prever a posibilidade de reelección se continúan cumprindo os requisitos establecidos no artigo 9 desta lei.

2. A renovación dos conselleiros xerais non poderá supor unha renovación total ou unha renovación parcial que se poida asimilar á total dada a porcentaxe renovada ou a proximidade temporal entre renovacións e efectuarase, en todo caso, respectando a proporcionalidade das representacións que compoñen a asemblea xeral.

Artigo 12. Irrevogabilidade do nomeamento dos conselleiros xerais e limitacións á contratación.

1. Mentres non se cumpra o prazo para o que foron designados, e fóra dos casos de renuncia, defunción ou declaración de falecemento ou ausencia legal, o nomeamento dos conselleiros xerais será irrevogable salvo, exclusivamente, nos supostos de incompatibilidade sobrevida, perda de calquera dos requisitos exixidos para a designación ou acordo de separación adoptado pola asemblea xeral se se aprecia xusta causa.

Entenderase que existe xusta causa cando o conselleiro xeral incumpra os deberes inherentes ao seu cargo ou prexudique coa súa actuación, pública ou privada, o prestixio, bo nome ou actividade da caixa.

2. Aqueles que desempeñasen a condición de membro dun órgano de goberno da caixa de aforros non poderán celebrar con ela contratos de obras, subministracións, servizos ou traballos retribuídos durante un período mínimo de dous anos, contados a partir do cesamento no correspondente órgano de goberno, sen prexuízo da continuidade da relación laboral no caso dos empregados da caixa designados polo grupo de representación a que se refire o artigo 8 desta lei.

Artigo 13. Funcións da asemblea xeral.

Sen prexuízo das facultades xerais de goberno, competen de forma especial á asemblea xeral as seguintes funcións:

a) O nomeamento dos vogais do consello de administración e dos membros da comisión de control, da comisión de retribucións e nomeamentos e da comisión de obra social, así como a adopción dos acordos de separación do cargo que correspondan de conformidade co establecido no artigo 19 desta lei.

b) A aprobación e modificación dos estatutos e do regulamento.

c) A disolución e liquidación da entidade, a súa fusión ou integración con outras e a súa transformación nunha fundación ordinaria ou bancaria.

d) Definir anualmente as liñas xerais do plan de actuación da entidade, para que poida servir de base ao labor do consello de administración e da comisión de control.

e) A aprobación, se for o caso, da xestión do consello de administración e das contas anuais.

f) A creación e disolución de obras sociais, así como a aprobación dos seus orzamentos anuais e da xestión e liquidación destes.

g) Calquera outro asunto que se someta á súa consideración polos órganos facultados para o efecto.

Artigo 14. Organización e funcionamento da asemblea xeral.

1. As asembleas xerais poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

As asembleas ordinarias celebraranse unha vez ao ano. Pola súa parte, as asembleas extraordinarias celebraranse tantas veces como sexan expresamente convocadas.

A asemblea xeral será convocada polo consello de administración mediante anuncio publicado no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» e no enderezo electrónico da caixa, con quince días, polo menos, de antelación. A convocatoria expresará a data, o lugar e a orde do día, así como a data e hora de reunión en segunda convocatoria.

Os estatutos poderán establecer, en substitución do sistema anterior, que a convocatoria se realice mediante anuncio publicado na páxina web da caixa, ou por calquera procedemento de comunicación, individual e escrita, que asegure a recepción do anuncio por todos os conselleiros xerais.

A asemblea xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando os conselleiros xerais presentes posúan, polo menos, o 50 por cento dos dereitos de voto. A constitución en segunda convocatoria será válida calquera que sexa o número de

asistentes. Os conselleiros xerais non poderán estar representados por outro conselleiro ou por terceira persoa, sexa física ou xurídica.

2. Os acordos da asemblea xeral adoptaranse como regra xeral por maioría simple de votos dos concorrentes. A aprobación e modificación dos estatutos e do regulamento da caixa, a disolución e liquidación da entidade, a súa fusión ou integración con outras entidades e a súa transformación nunha fundación ordinaria ou bancaria requirirán, en todo caso, a asistencia de conselleiros xerais que representen a maioría dos dereitos de voto. Cumprirá, ademais, o voto favorable de, como mínimo, dous terzos dos dereitos de voto dos asistentes.

Cada conselleiro xeral terá dereito a un voto, outorgándose a quen presida a reunión voto de calidade. Os acordos validamente adoptados obrigan a todos os conselleiros xerais, incluídos os disidentes e ausentes.

Sección 2.^a O consello de administración

Artigo 15. O consello de administración.

1. O consello de administración é o órgano que ten encomendada a administración e xestión financeira, así como a da obra social da caixa de aforros, para o cumprimento dos seus fins.

O consello de administración deberá establecer normas de funcionamento e procedementos adecuados para facilitar que todos os seus membros poidan cumprir, en todo momento, as súas obrigas e asumir as responsabilidades que lles correspondan de acordo coas normas de ordenación e disciplina das entidades de crédito e as restantes disposicións que sexan de aplicación ás caixas de aforros.

2. O número de vogais do consello de administración non poderá, de acordo cun principio de proporcionalidade en función da dimensión económica da caixa de aforros, ser inferior a cinco nin superior a quince.

3. A maioría dos membros do consello de administración deberán ser vogais independentes. A súa designación requirirá informe favorable da comisión de retribucións e nomeamentos, que deberá ter en conta as prácticas e estándares nacionais e internacionais sobre goberno corporativo de entidades de crédito.

Para os efectos do previsto nesta lei, non poderán ser vogais independentes os conselleiros xerais.

Artigo 16. Elección do consello de administración.

1. Os membros do consello de administración serán elixidos pola asemblea xeral na forma que determinen os estatutos.

2. Será admisible, en todo caso, a representación proporcional e os conselleiros xerais poderanse agrupar para designar tantos membros do consello de administración como resulte a parte enteira de dividir o número de agrupados polo cociente resultante de dividir o número total de conselleiros xerais polo número de membros do consello de administración que non teñen que ser independentes. En tal caso, os membros agrupados non poderán participar na elección do resto de membros do consello de administración.

Artigo 17. Vogais do consello de administración.

1. Os vogais do consello de administración deberán reunir os mesmos requisitos que se establecen no artigo 9 desta lei respecto dos conselleiros xerais.

2. De conformidade co previsto no artigo 3.2 desta lei, os vogais do consello de administración deberán reunir os requisitos de honorabilidade, experiencia e bo goberno exixidos pola lexislación aplicable para estes efectos aos membros do órgano de administración e cargos equivalentes dos bancos.

Artigo 18. *Causas de incompatibilidade.*

1. Constituirán causas de incompatibilidade para o exercicio do cargo de vogal do consello de administración das caixas de aforros:

- a) As establecidas no artigo 10 desta lei respecto aos conselleiros xerais.
- b) Pertencer ao consello de administración ou órgano equivalente de máis de catro sociedades mercantís ou entidades cooperativas. Para estes efectos, non se computarán os postos desempeñados nun consello de administración ou órgano equivalente en que os interesados, o seu cónxuxe, ascendentes ou descendentes, xuntos ou separadamente, sexan propietarios dun número de accións igual ou superior ao cociente de dividir o capital social polo número de vogais do consello de administración. A mesma norma se aplicará aos casos de representación legal de menores, ausentes ou incapacitados. En calquera caso, o número total de consellos non poderá ser superior a oito.

2. Os vogais dos consellos de administración, así como os seus cónxuxes, ascendentes ou descendentes e as sociedades en que as ditas persoas participen maioritariamente no capital, ben de forma illada ou conxunta, ou nas que desempeñen os cargos de presidente, conselleiro, administrador, xerente, director xeral ou con funcións similares, non poderán obter créditos, avais nin garantías da caixa respectiva ou allear a esta bens ou valores da súa propiedade ou emitidos por tales entidades sen que exista acordo do consello de administración da caixa e autorización expresa do Banco de España e da comunidade autónoma respectiva. Esta prohibición non será de aplicación respecto aos representantes do persoal, para os cales a concesión de créditos se rexerá polos convenios laborais, logo de informe da comisión de control e do Banco de España.

Artigo 19. *Mandato dos vogais do consello de administración.*

1. A duración do exercicio do cargo de vogal do consello de administración será a sinalada nos estatutos, sen que poida ser inferior a catro anos nin superior a seis.

Non obstante, os estatutos poderán prever a posibilidade de reelección dos vogais sempre que se cumpran as mesmas condicións, requisitos e trámites que no nomeamento.

Os vogais independentes non poderán desempeñar esta condición durante un período superior a doce anos.

2. O procedemento e condicións para a renovación, a reelección e provisión de vacantes dos vogais determinaranse nas normas que desenvolvan esta lei, sen que se poidan efectuar nomeamentos provisionais.

3. En todo caso, o nomeamento e a reelección de vogais deberanse comunicar ao Ministerio de Economía e Competitividade, ao Banco de España, e á comunidade autónoma respectiva, para o seu coñecemento e constancia.

Artigo 20. *Funcións do consello de administración.*

1. O consello de administración será o representante da caixa de aforros para todos os actos comprendidos no seu obxecto social, delimitado nos seus estatutos.

2. O exercicio das súas facultades rexerá polo establecido nos estatutos e nos acordos da asemblea xeral.

3. En todo caso, o consello asumirá, como obxectivos fundamentais, a aprobación da estratexia da caixa de aforros e a organización precisa para a súa posta en práctica, así como a supervisión e control de que se cumpren os obxectivos marcados e se respecta o obxecto e interese social da entidade.

Artigo 21. *Organización e funcionamento do consello de administración.*

1. O consello de administración nomeará, de entre os seus membros, o presidente do consello, que, pola súa vez, o será da caixa de aforros e da asemblea xeral. Poderá elixir, así mesmo, un ou máis vicepresidentes e un secretario, que poderá ou non ser conselleiro.

2. O consello reunirse cantas veces sexa necesario para a boa marcha da entidade. Poderá actuar en pleno ou delegar funcións, con excepción das relativas á elevación de propostas á asemblea xeral ou cando se trate de facultades especialmente delegadas no consello, salvo que fose expresamente autorizado para isto.

Os acordos adoptaranse por maioría dos vogais asistentes, outorgándose a quen presida a reunión voto de calidade. Os estatutos poderán prever aqueles asuntos para cuxa adopción se requira de maioría cualificada.

3. As deliberacións do consello de administración terán carácter secreto.

4. Os vogais do consello de administración que non sexan conselleiros xerais asistirán ás asembleas xerais con voz e sen voto.

Artigo 22. *Dedicación exclusiva.*

O exercicio do cargo de presidente executivo do consello de administración dunha caixa de aforros require dedicación exclusiva e será, por tanto, incompatible con calquera actividade retribuída tanto de carácter público como privado, salvo a administración do propio patrimonio e aquelas actividades que exerza en representación da caixa. Neste último caso, os ingresos que obteña, distintos de axudas de custo de asistencia a consellos de administración, ou outras compensacións con idéntica finalidade, deberanse ceder á caixa por cuxa conta realiza a dita actividade ou representación, ou deducirse da retribución percibida nela.

Sección 3.^a A comisión de control

Artigo 23. *A comisión de control.*

A comisión de control ten por obxecto supervisar o procedemento electoral e a obra social das caixas, ademais daquelas outras funcións que se lle poidan atribuír en relación co propio consello de administración, dentro das liñas xerais de actuación sinaladas pola asemblea xeral e das directrices emanadas da normativa financeira.

O número de vogais da comisión de control non poderá ser inferior a tres nin superior a sete.

Artigo 24. *Vogais da comisión de control.*

1. Os vogais da comisión de control serán elixidos pola asemblea xeral de entre persoas que, reunindo os coñecementos e experiencia adecuados a que se refire o artigo 17.2 desta lei, non teñan a condición de vogais do consello de administración. Polo menos a metade dos vogais deberán ser independentes.

A presentación de candidaturas efectuarase conforme o disposto para os vogais do consello de administración.

O sistema de representación proporcional previsto no artigo 16.2 desta lei será así mesmo aplicable en relación coa elección dos vogais da comisión de control.

2. A comisión de control nomeará, de entre os seus vogais independentes, o presidente.

3. Sempre que a comisión de control así o requira, o presidente do consello de administración asistirá ás reunións con voz e sen voto.

Artigo 25. *Requisitos dos membros da comisión de control.*

Os vogais da comisión de control deberán reunir os mesmos requisitos e terán as mesmas incompatibilidades e limitacións que os vogais do consello de administración.

Artigo 26. *Funcións da comisión de control.*

1. Para o cumprimento dos seus fins, a comisión de control terá atribuídas as seguintes funcións:

- a) Vixiar o proceso de elección e designación dos membros dos órganos de goberno.
- b) Informar a asemblea xeral sobre os orzamentos e dotación da obra social, así como vixiar o cumprimento dos investimentos e gastos previstos.
- c) Propor á asemblea xeral a suspensión da eficacia dos acordos do consello de administración da entidade cando entenda que vulneran as disposicións vixentes ou afectan gravemente a situación patrimonial, os resultados, ou o crédito da caixa de aforros ou dos seus impositores ou clientes.
- d) A análise da xestión económica e financeira da entidade, elevando ao Banco de España, á comunidade autónoma e á asemblea xeral información semestral sobre esta.
- e) Estudo da auditoría de contas que resuma a xestión do exercicio e a conseguinte elevación á asemblea xeral do informe que reflecta o exame realizado.
- f) Informar sobre cuestións ou situacións concretas por petición da asemblea xeral, do Banco de España e da comunidade autónoma.
- g) Requirir ao presidente a convocatoria da asemblea xeral con carácter extraordinario, no suposto previsto na letra e).
- h) Se for o caso, as previstas na disposición adicional décimo oitava da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, salvo cando as asumise un comité de auditoría creado para o efecto.

2. Para o cumprimento destas funcións poderá solicitar do consello de administración cantos antecedentes e información considere necesarios.

Sección 4.^a Retribucións

Artigo 27. *Retribucións.*

O exercicio das funcións dos membros dos órganos de goberno das caixas de aforros diferentes das de conselleiros xerais da asemblea xeral poderá ser retribuído. Corresponderá á asemblea xeral a determinación da dita retribución, sen prexuízo do previsto no artigo 29 desta lei.

CAPÍTULO III

Disposicións comúns

Sección 1.^a Comisións do consello de administración

Artigo 28. *Comisión de investimentos.*

1. O consello de administración das caixas de aforros constituirá no seu seo unha comisión de investimentos que terá a función de informar o consello sobre os investimentos e desinvestimentos de carácter estratéxico e estable que efectúe a caixa, xa sexa directamente ou a través de entidades do seu mesmo grupo, así como a viabilidade financeira dos citados investimentos e a súa adecuación aos orzamentos e plans estratéxicos da entidade. O número de membros da comisión de investimentos non poderá ser inferior a tres nin superior a sete.

Os membros da comisión serán designados pola asemblea xeral de entre os membros do consello de administración, atendendo á súa capacidade técnica e experiencia profesional. O presidente da comisión será un vogal independente.

A comisión de investimentos remitirá anualmente ao consello de administración un informe en que, polo menos, se deberá incluír un resumo dos ditos investimentos.

Igualmente, incluírase no informe anual relación e sentido dos informes emitidos pola citada comisión. Este informe anual da comisión de investimentos incorporárase ao informe de goberno corporativo da entidade.

2. Entenderase como estratéxica a adquisición ou venda de calquera participación significativa de calquera sociedade cotizada ou a participación en proxectos empresariais que impliquen para a caixa a participación na xestión ou en órganos de goberno doutras entidades.

Así mesmo, entenderanse como investimentos estables aqueles respecto aos cales se estime que se manterán durante polo menos cinco anos.

3. O réxime de funcionamento da comisión de investimentos será establecido polos estatutos da caixa e o seu propio regulamento interno.

Artigo 29. *Comisión de retribucións e nomeamentos.*

1. O consello de administración das caixas de aforros constituirá no seu seo unha comisión de retribucións e nomeamentos que terá as seguintes funcións:

a) Emitir informe sobre a política xeral de retribucións e incentivos para os membros do consello de administración e da comisión de control e demais persoal directivo e velar pola observancia da dita política.

b) Garantir o cumprimento dos requisitos previstos nesta lei para os membros do seu consello de administración e dos seus directores xerais ou asimilados, e das persoas que asuman funcións de control interno ou ocupen postos claves para o desenvolvemento diario da actividade bancaria.

2. A comisión estará formada por un mínimo de tres persoas e un máximo de sete, elixidas pola asemblea xeral de entre aqueles que teñan a condición de vogais do consello de administración. Polo menos a metade dos vogais, e en todo caso o seu presidente, serán independentes.

3. O réxime de funcionamento da comisión de retribucións e nomeamentos será establecido polos estatutos da caixa e o seu propio regulamento interno, que poderán atribuír as funcións previstas nas letras a) e b) do número 1 a unha comisión de retribucións e outra de nomeamentos, respectivamente, ás cales lles resultará de aplicación este artigo, salvo no relativo ao seu número de membros, que será nese caso de tres para cada unha delas.

Artigo 30. *Comisión de obra social.*

1. Para garantir o cumprimento da obra social da caixa de aforros créase unha comisión de obra social.

2. A comisión estará integrada por aqueles vogais do consello de administración que designe a asemblea xeral.

Sección 2.^a Goberno corporativo

Artigo 31. *Informe de goberno corporativo e informe anual sobre remuneracións.*

1. As caixas de aforros deberán facer público con carácter anual un informe de goberno corporativo e un informe sobre remuneracións.

Os informes anuais de goberno corporativo e sobre remuneracións das caixas que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores serán obxecto de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores e xuntarase copia dos documentos en que consten. A Comisión Nacional do Mercado de Valores remitirá copia dos informes comunicados ao Banco de España e aos órganos competentes das comunidades autónomas.

Os informes anuais de goberno corporativo e sobre remuneracións das caixas que non emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores serán

obxecto de comunicación ao Banco de España, xuntando copia dos documentos en que consten. O Banco de España remitirá copia dos informes comunicados á Comisión Nacional do Mercado de Valores e aos órganos competentes das comunidades autónomas.

Para as caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores, os informes serán obxecto de publicación como feito relevante. En todo caso, os informes serán publicados por medios telemáticos polas citadas entidades.

2. O contido e estrutura do informe anual de goberno corporativo das caixas de aforros que considere valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores deberá ofrecer, tendo en conta a natureza xurídica das ditas entidades, unha explicación detallada da estrutura do sistema de goberno da entidade e do seu funcionamento na práctica.

En todo caso, o contido mínimo do informe de goberno corporativo será o seguinte:

a) Estructura de administración da entidade, con información das remuneracións percibidas polo consello de administración, a comisión de control, a comisión de investimentos, a comisión de retribucións e nomeamentos, a comisión de obra social, a comisión executiva, se for o caso, computando tanto as axudas de custo por asistencia aos citados órganos como os soldos que se perciban polo desempeño das súas funcións, así como as remuneracións análogas ás anteriores e as obrigas contraídas en materia de pensións ou de pagamento de primas de seguros de vida. Tamén se incluírán toda clase de remuneracións percibidas polos membros dos órganos de goberno e persoal directivo, derivadas da participación en representación das caixas de aforros en sociedades cotizadas ou noutras entidades en que a caixa teña unha presenza ou representación significativa, en representación da caixa de aforros.

b) Operacións de crédito, aval ou garantía efectuadas, xa sexa directamente ou a través de entidades dotadas, adscritas ou participadas, cos membros do consello de administración e da comisión de control das caixas de aforros e familiares de primeiro grao, e con empresas ou entidades coas cales os anteriores se encontren nalgunha das situacións previstas no artigo 42 do Código de comercio. En particular, deberase facer constar a descrición das condicións da operación, incluídas as financeiras.

c) Operacións de crédito, aval ou garantía efectuadas, xa sexa directamente ou a través de entidades dotadas, adscritas ou participadas, cos grupos políticos que teñan representación nas corporacións locais e nas asembleas parlamentarias autonómicas que participasen no proceso electoral. En particular, deberase facer constar a descrición das condicións da operación, incluídas as financeiras.

Ademais, deberase explicitar, en caso de créditos, a súa situación, facendo referencia á contía que quede por satisfacer, aos prazos en que deberá ser satisfeita e aos supostos e condicións en que, se for o caso, se puidese ou se poida producir a condonación da débeda remanente.

d) Operacións crediticias con institucións públicas, incluídos entes públicos territoriais, que designaron conselleiros xerais.

e) Remuneracións percibidas pola prestación de servizos á caixa ou ás entidades controladas por ela dos membros do consello de administración e da comisión de control das caixas de aforros e do persoal directivo.

f) Estructura de negocio e das relacións dentro do seu grupo económico, con referencia ás operacións intragrupo e ás operacións vinculadas da entidade cos membros do consello de administración, comisión de control, comisión de retribucións e nomeamentos e comisión de investimentos e demais persoal directivo.

g) Sistemas de control de risco.

h) Funcionamento de órganos de goberno, con explicación detallada do sistema de goberno e administración da entidade, en especial en relación coa toma de participacións empresariais, ben directamente ben por entidades dotadas, adscritas ou participadas.

i) Conflitos de interese existentes entre os membros dos órganos de goberno das caixas de aforros e a función social da caixa.

j) Unha descrición das principais características dos sistemas internos de control e xestión de riscos en relación co proceso de emisión de información financeira regulada.

Facúltase o ministro de Economía e Competitividade para determinar, con observancia do mínimo establecido no parágrafo anterior, o contido e estrutura do informe anual de goberno corporativo das caixas de aforros, e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores no caso de que se trate de caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.

As caixas de aforros que non emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores axustarán o contido do informe de goberno corporativo, coas adaptacións que correspondan en canto entidades non emisoras, ao disposto nesta lei, á súa normativa de desenvolvemento e aos modelos e impresos que, se for o caso, se establezan para as caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores. Para estes efectos, facúltase o Banco de España para realizar aquelas adaptacións que poida considerar oportunas.

3. O informe anual sobre remuneracións dos membros do consello de administración e da comisión de control das caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores incluírá información completa, clara e comprensible sobre a política de remuneracións da entidade aprobada para o ano en curso, así como, se for o caso, a prevista para anos futuros. Incluírá tamén un resumo global de como se aplicou a política de retribucións durante o exercicio, así como o detalle das retribucións individuais devindicadas por cada un dos conselleiros e membros da comisión de control.

O informe anual sobre as remuneracións dos membros do consello de administración e da comisión de control, a política de remuneracións da sociedade aprobada para o ano en curso, a prevista para anos futuros, o resumo global de como se aplicou a política de retribucións durante o exercicio, así como o detalle das retribucións individuais devindicadas por cada un dos conselleiros difundirase e someterase a votación, con carácter consultivo e como punto separado da orde do día, á asemblea xeral.

O ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, determinará o contido e estrutura do informe de remuneracións que poderá conter información, entre outras cuestións, sobre o importe dos compoñentes fixos, os conceptos retributivos de carácter variable e os criterios de rendementos elixidos para o seu deseño, así como o papel desempeñado, se for o caso, pola comisión de retribucións e nomeamentos.

As caixas de aforros que non emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores axustarán o contido do informe de remuneracións, coas adaptacións que correspondan en canto entidades non emisoras, ao disposto nesta lei, á súa normativa de desenvolvemento e aos modelos e impresos que, se for o caso, se establezan para as caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores. Para estes efectos, facúltase o Banco de España para realizar aquelas adaptacións que poida considerar oportunas.

4. Sen prexuízo das sancións que proceda impor pola falta de remisión da documentación ou dos informes que deban remitir, corresponde á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao Banco de España, no ámbito das súas competencias, o seguimento das regras de goberno corporativo das caixas, para cuxo efecto poderán solicitar tanta información precisen ao respecto, así como facer pública a información que consideren relevante sobre o grao efectivo de cumprimento das regras de goberno corporativo da entidade.

5. A falta de elaboración ou de publicación do informe anual de goberno corporativo ou do informe anual sobre remuneracións das caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores, ou a existencia no dito informe de omisións ou datos falsos ou enganosos, terá a consideración de infracción grave para os efectos previstos no artigo 100.b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

6. No caso de caixas de aforros que non emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores, a falta de elaboración ou de publicación do informe anual de goberno corporativo ou do informe anual sobre remuneracións, ou a existencia no dito informe de omisións ou datos falsos ou enganosos, terá a consideración de infracción grave para os efectos previstos na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

TÍTULO II

Das fundacións bancarias

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 32. *Fundación bancaria.*

1. Entenderase por fundación bancaria aquela que manteña unha participación nunha entidade de crédito que alcance, de forma directa ou indirecta, polo menos, un 10 por cento do capital ou dos dereitos de voto da entidade, ou que lle permita nomear ou destituír algún membro do seu órgano de administración.

2. A fundación bancaria terá finalidade social e orientará a súa actividade principal á atención e desenvolvemento da obra social e á adecuada xestión da súa participación nunha entidade de crédito.

3. Na denominación das fundacións bancarias deberase facer constar a propia expresión «fundación bancaria».

Se for o caso, as fundacións bancarias poderán utilizar na súa denominación social e na súa actividade as denominacións propias das caixas de aforros de que procedan.

Artigo 33. *Réxime xurídico.*

As fundacións bancarias quedarán suxeitas ao réxime xurídico previsto nesta lei e, con carácter supletorio, ben á Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, ben á normativa autonómica que resulte de aplicación.

CAPÍTULO II

Transformación en fundacións bancarias

Artigo 34. *Obriga de transformación das caixas de aforros.*

1. As caixas de aforros, nos supostos previstos no número seguinte, deberán traspasar todo o patrimonio afecto á súa actividade financeira a outra entidade de crédito a cambio de accións desta última e procederán á súa transformación nunha fundación bancaria, en caso de cumprir os requisitos previstos no artigo 32 desta lei, ou fundación ordinaria en caso contrario, con perda, en calquera dos casos, da autorización para actuar como entidade de crédito.

2. Os supostos a que se refire o número anterior serán os seguintes:

a) Que o valor do activo total consolidado da caixa de aforros, segundo o último balance auditado, supere a cifra de dez mil millóns de euros; ou

b) Que a súa cota no mercado de depósitos do seu ámbito territorial de actuación sexa superior ao 35 por cento do total de depósitos.

3. En caso de que a entidade pertenza a un grupo por aplicación de calquera dos criterios incluídos no artigo 42 do Código de comercio, os supostos previstos no número anterior referiranse ao balance e contas consolidados e a obriga de transformación afectará todas as caixas de aforros do grupo, que se poderán transformar en tantas fundacións como caixas existan.

Artigo 35. Procedemento de transformación das caixas de aforros.

1. Nos supostos previstos no artigo 34 desta lei, a asemblea xeral da caixa procederá a adoptar os acordos de transformación en fundación bancaria ou ordinaria, segundo proceda, con aprobación dos seus estatutos, designación do seu padroado e determinación dos bens ou dereitos procedentes do patrimonio da caixa de aforros que se afectarán á dotación fundacional.

2. Os acordos de transformación en fundación bancaria ou ordinaria, segundo proceda, deberanse producir dentro do prazo de seis meses desde o momento en que se verifique o cumprimento dalgún dos supostos previstos no artigo 34 desta lei, sen que a caixa de aforros retornase á situación previa, mediante a aplicación dun plan de retorno, autorizado para o efecto polo Banco de España. Entenderase producido o citado momento a partir de que os auditores presenten o seu informe de auditoría de contas anuais da entidade ou, se for o caso, das contas anuais consolidadas, respecto ao exercicio contable en que se poña de manifesto o cumprimento dalgún dos supostos previstos.

O plan de retorno referido no parágrafo anterior deberá conter unha descrición das accións previstas para que a caixa de aforros retorne a unha situación en que non sexa exixible a súa transformación en fundación bancaria ou ordinaria, e unha previsión dos prazos en que se adoptarán as ditas accións, que non poderá ser superior a tres meses.

3. Transcorrido o prazo de seis meses sen que se executase a citada transformación, producirase a disolución directa de todos os órganos da caixa de aforros e a baixa no rexistro especial de entidades de crédito do Banco de España, e quedará transformada en fundación bancaria ou ordinaria, segundo proceda. A falta de transformación en fundación bancaria no prazo previsto neste artigo constituirá infracción moi grave de conformidade co previsto na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

Sen prexuízo do anterior, o protectorado da fundación bancaria nomeará unha comisión xestora para os efectos de aprobar os estatutos, nomear o padroado, determinar os bens ou dereitos procedentes do patrimonio da caixa de aforros que se afectarán á dotación fundacional e adoptar cantos actos ou acordos sexan necesarios para materializar a transformación acaecida, en cumprimento da normativa aplicable.

4. A segregación da actividade financeira rexerase polo establecido na Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais de sociedades mercantís.

5. A transformación das caixas de aforros nos termos previstos neste artigo non requirirá ningunha autorización administrativa ulterior.

Artigo 36. Procedemento de transformación das fundacións ordinarias.

1. As fundacións ordinarias que adquiran unha participación nunha entidade de crédito que alcance, de forma directa ou indirecta, polo menos, un 10 por cento do capital ou dos dereitos de voto da entidade, ou que lles permita nomear ou destituír algún membro do seu órgano de administración deberanse transformar en fundacións bancarias.

2. No suposto previsto no número anterior, o padroado procederá a adoptar os acordos de transformación en fundación bancaria, con aprobación dos seus estatutos e designación do seu novo padroado.

3. O acordo de transformación en fundación bancaria será comunicado ao protectorado, quen o deberá ratificar no prazo de dous meses e só se poderá opor por razóns de legalidade. En todo caso, o acordo de transformación en fundación bancaria deberase producir dentro do prazo de seis meses contados a partir do momento en que se formalice a adquisición da participación prevista no número 1 deste artigo.

4. Transcorrido o prazo anterior sen que se executase a citada transformación, producirase a extinción da fundación e a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo padroado da fundación baixo o control do protectorado.

5. Sen prexuízo do previsto no número anterior, a falta de transformación en fundación bancaria no prazo previsto neste artigo constituirá infracción moi grave de

acordo co previsto na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

CAPÍTULO III

Goberno da fundación bancaria

Artigo 37. *Órganos de goberno.*

Os órganos de goberno das fundacións bancarias serán o padroado, as comisións delegadas deste que prevexan os estatutos, o director xeral e os demais órganos delegados ou apoderados do padroado que, se for o caso, prevexan os seus estatutos de acordo coa normativa xeral de fundacións.

Artigo 38. *Padroado.*

O padroado será o máximo órgano de goberno e representación das fundacións bancarias. Corresponde ao padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación.

O padroado será tamén o responsable do control, supervisión e informe ao Banco de España.

Artigo 39. *Composición do padroado.*

1. O número de membros do padroado será o que fixen os estatutos da fundación, de acordo cun principio de proporcionalidade en función do volume dos seus activos. En ningún caso poderá ser superior a quince.

2. Os padroeiros exercerán as súas funcións en beneficio exclusivo dos intereses da fundación bancaria e do cumprimento da súa función social.

3. Os padroeiros serán persoas físicas ou xurídicas relevantes no ámbito de actuación da obra social da fundación bancaria e deberán pertencer a algún dos seguintes grupos:

a) Persoas ou entidades fundadoras, así como as de longa tradición na caixa ou caixas de aforros de que proceda, se for o caso, o patrimonio da fundación bancaria.

b) Entidades representativas de intereses colectivos no ámbito de actuación da fundación bancaria ou de recoñecido arraigamento no dito ámbito.

c) Persoas privadas, físicas ou xurídicas, que achegasen de maneira significativa recursos á fundación bancaria ou, se for o caso, á caixa de aforros de procedencia.

d) Persoas independentes de recoñecido prestixio profesional nas materias relacionadas co cumprimento dos fins sociais da fundación bancaria, ou nos sectores, distintos do financeiro, en que a fundación bancaria teña investimentos relevantes.

e) Persoas que posúan coñecementos e experiencia específicos en materia financeira, que deberán integrar o padroado na porcentaxe que prevexa a lexislación de desenvolvemento desta lei, e cuxa presenza será representativa e crecente en función do nivel de participación na entidade de crédito que corresponda.

O padroado debe contar, polo menos, cun representante dos grupos a), b), d) e e) anteriores e, sempre que for posible identificar unha achega significativa dentro dos quince anos anteriores á constitución do padroado, polo menos cun representante do grupo c). Para estes efectos, entenderase por achega significativa aquela que represente máis do 5 por cento dos recursos propios da fundación.

4. O número de padroeiros representantes de administracións públicas e entidades e corporacións de dereito público non poderá superar o 25 por cento do total.

Artigo 40. *Requisitos dos padroeiros.*

1. Os padroeiros deberán reunir os requisitos de honorabilidade comercial e profesional, nos termos que determinen as normas de desenvolvemento desta lei.

2. Os padroeiros deberán posuír os coñecementos e experiencia específicos para o exercicio das súas funcións.

Os padroeiros previstos no artigo 39.3.e) desta lei deberán reunir o coñecemento e a experiencia previstos no artigo 17.2.

3. Resultarán de aplicación aos padroeiros as causas de incompatibilidade previstas no artigo 3, números 3 e 4 desta lei.

Igualmente, a condición de padroeiro será incompatible co desempeño de cargos equivalentes na entidade bancaria da cal a fundación bancaria sexa accionista, ou noutras entidades controladas polo grupo bancario.

Os estatutos poderán determinar outros requisitos e incompatibilidades aplicables aos padroeiros, así como normas que regulen os posibles conflitos de interese.

4. Os padroeiros exercerán o seu cargo gratuitamente sen prexuízo do dereito a que se lles reembolsen os gastos debidamente xustificadas que o cargo lles ocasione no exercicio da súa función.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, o padroado poderá fixar unha retribución adecuada a aqueles padroeiros que presten á fundación bancaria servizos distintos dos que implica o desempeño das funcións que lles corresponden como membros do padroado, logo de autorización do protectorado.

5. Os estatutos das fundacións bancarias regularán os procesos de designación dos padroeiros e o número e duración dos seus mandatos. En todo caso, en canto non se cumpra o mandato, o nomeamento dos padroeiros será irrevogable, salvo exclusivamente nos supostos de incompatibilidade sobrevida, perda de calquera dos requisitos exixidos para a designación ou acordo de separación adoptado polo padroado, se se aprecia xusta causa.

Os padroeiros pertencentes ao grupo previsto no artigo 39.3.d) desta lei non poderán exercer o cargo máis de dous mandatos consecutivos e, en todo caso, por un prazo superior a doce anos.

Artigo 41. *Presidencia do padroado.*

O padroado designará de entre os seus membros un presidente, a quen corresponderá a máis alta representación da fundación bancaria. Os estatutos determinarán o réxime aplicable á presidencia do padroado.

Artigo 42. *Director xeral e secretario do padroado.*

1. O director xeral será nomeado polo padroado e asistirá ás reunións deste con voz e sen voto. O cargo de director xeral será incompatible co de membro do padroado, ben que estará sometido aos requisitos e incompatibilidades previstos no artigo 40 desta lei.

2. O padroado nomeará un secretario, que poderá ser ou non padroeiro, caso en que terá voz pero non voto, a quen corresponderá a certificación dos seus acordos.

CAPÍTULO IV

Participación en entidades de crédito

Artigo 43. *Protocolo de xestión da participación financeira.*

1. As fundacións bancarias que posúan unha participación igual ou superior ao 30 por cento do capital nunha entidade de crédito ou que lles permita o control desta por aplicar calquera dos criterios do artigo 42 do Código de comercio elaborarán, de forma individual ou conxunta, un protocolo de xestión da participación financeira que regulará polo menos os seguintes aspectos:

a) Os criterios básicos de carácter estratéxico que rexen a xestión por parte da fundación bancaria da súa participación na entidade de crédito participada.

b) As relacións entre o padroado da fundación bancaria e os órganos de goberno da entidade de crédito participada, referindo, entre outros, os criterios que rexen a elección de conselleiros, que deberán respectar os principios de honorabilidade e profesionalidade previstos no artigo 3.2 desta lei.

c) Os criterios xerais para a realización de operacións entre a fundación bancaria e a entidade participada e os mecanismos previstos para evitar posibles conflitos de interese.

O protocolo de xestión será elaborado polo padroado da fundación bancaria, no prazo de dous meses desde a súa constitución, e remitido ao Banco de España para a súa aprobación no prazo dun mes, quen o valorará no marco das súas competencias como autoridade responsable da supervisión da entidade de crédito participada e, en particular, valorando a influencia da fundación bancaria na xestión sa e prudente da citada entidade, de conformidade cos criterios establecidos no réxime de participacións significativas previsto na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito. O Banco de España revisará, polo menos anualmente, o contido do protocolo de xestión.

O protocolo farase público na páxina web das fundacións e da entidade de crédito e, se for o caso, por medio do correspondente feito relevante.

2. Para os efectos deste título, entenderase como unha única participación a de todas as fundacións, ordinarias ou bancarias, que actúen de forma concertada nunha mesma entidade de crédito, caso en que deberán cumprir coas obrigas establecidas neste capítulo de maneira conxunta.

3. O Banco de España especificará o contido mínimo do protocolo de xestión da participación financeira.

Artigo 44. *Plan financeiro.*

1. As fundacións bancarias a que se refire o artigo 43 desta lei terán que presentar anualmente ao Banco de España para a súa aprobación un plan financeiro en que determinen a maneira en que farán fronte ás posibles necesidades de capital en que puidese incurrir a entidade na cal participan e os criterios básicos da súa estratexia de investimento en entidades financeiras. O plan financeiro inicial deberá ser presentado ao Banco de España no prazo máximo de tres meses desde a constitución da fundación bancaria.

2. O Banco de España valorará o plan financeiro no marco das súas competencias como autoridade responsable da supervisión da entidade de crédito participada e, en particular, atendendo á posible influencia da fundación bancaria sobre a xestión sa e prudente da citada entidade, de conformidade cos criterios establecidos no réxime de participacións significativas previsto na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

3. No caso de fundacións bancarias que posúan unha participación igual ou superior ao 50 por cento nunha entidade de crédito ou que lles permita o seu control nos termos do artigo 42 do Código de comercio, o plan financeiro deberá ir acompañado adicionalmente:

a) Dun plan de diversificación de investimentos e de xestión de riscos, que deberá, en todo caso, incluír compromisos para que o investimento en activos emitidos por unha mesma contraparte, diferentes daqueles que presenten elevada liquidez e solvencia, non supere as porcentaxes máximas sobre o patrimonio total, nos termos que estableza o Banco de España. Para fixar estas porcentaxes terase en conta a liquidez e solvencia das entidades nas cales a fundación realice o investimento, así como o risco de concentración en cada contraparte ou sector de actividade.

O Banco de España desenvolverá métodos de cálculo e formas de aplicación desta porcentaxe.

b) Da dotación dun fondo de reserva para facer fronte a posibles necesidades de recursos propios da entidade de crédito participada que non poidan ser cubertas con

outros recursos e que, a xuízo do Banco de España, puidesen pór en perigo o cumprimento das súas obrigas en materia de solvencia.

Para tal fin, o plan financeiro conterá un calendario de dotacións mínimas ao fondo de reserva até alcanzar o volume obxectivo que, coa finalidade de garantir a xestión sa e prudente da entidade participada, determine o Banco de España en función, entre outros, dos seguintes factores:

- 1.º As necesidades de recursos propios previstas no plan financeiro;
- 2.º O valor dos activos ponderados por risco da entidade participada e o volume da participación da fundación bancaria na entidade;
- 3.º Se as accións da entidade están admitidas a negociación nun mercado secundario oficial de valores;
- 4.º O nivel de concentración no sector financeiro dos investimentos da fundación bancaria.

O fondo de reserva así constituído deberase investir en instrumentos financeiros de elevada liquidez e calidade crediticia, que deberán estar en todo momento plenamente dispoñibles para o seu uso pola fundación.

O Banco de España desenvolverá os supostos e o modo en que a fundación bancaria deberá facer uso destes fondos para atender as necesidades de solvencia da entidade participada. En todo caso, deberase facer uso do fondo de reserva sempre que se producise unha diminución significativa dos recursos propios da entidade participada, que, a xuízo do Banco de España, poida pór en perigo o cumprimento coa normativa de solvencia da entidade. Así mesmo, desenvolverá mediante circular os activos que poden ser considerados como de elevada liquidez e alta calidade crediticia para efectos do disposto neste artigo.

Non obstante o anterior, o plan financeiro da fundación bancaria non requirirá a constitución do fondo de reserva sempre que se incorpore ao plan de diversificación un programa de desinvestimento que inclúa de maneira detallada as medidas que implementará a fundación para reducir a súa participación na entidade de crédito por debaixo do nivel sinalado no primeiro parágrafo deste número nun prazo máximo de cinco anos. Este programa, que terá carácter reservado, será aprobado polo Banco de España, que supervisará o seu cumprimento e poderá requirir calquera información que considere pertinente á fundación. En caso de incumprimento, o Banco de España poderá exixir á fundación bancaria a presentación no prazo máximo de vinte días dunha modificación do plan financeiro que incluíra a constitución dun fondo de reserva de acordo co previsto neste artigo. Esta obriga entenderase sen prexuízo da aplicación, cando proceda, do artigo 47 desta lei.

c) Calquera outra medida que, a xuízo do Banco de España, se considere necesaria para garantir a xestión sa e prudente da entidade de crédito participada e a capacidade desta de cumprir de forma duradeira coas normas de ordenación e disciplina que lle sexan aplicables.

4. O Banco de España, coa finalidade de garantir a xestión sa e prudente da entidade participada, especificará o contido mínimo do plan financeiro, de conformidade cos criterios establecidos neste artigo. O plan financeiro conterá, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Estimacións razoables de necesidades de recursos propios da entidade participada en distintos escenarios macroeconómicos;
- b) Estratexia da fundación para obter os ditos recursos propios en cada escenario;
- c) Criterios básicos da estratexia de investimento en entidades de crédito, tales como prazo do investimento, risco e diversificación.

5. Cando a fundación bancaria non elabore o plan financeiro previsto neste artigo ou, a xuízo do Banco de España, este resulte insuficiente para garantir a xestión sa e

prudente da entidade de crédito participada e a capacidade desta de cumprir de forma duradeira coas normas de ordenación e disciplina que lle sexan aplicables, o propio Banco de España requirirá á fundación bancaria a presentación e posta en marcha dun plan de desinvestimento na entidade de crédito, e imporá a obriga de non incrementar a súa participación a niveis de control.

CAPÍTULO V

Réxime de control

Artigo 45. *Protectorado.*

Corresponderá ao protectorado velar pola legalidade da constitución e funcionamento das fundacións bancarias, sen prexuízo das funcións que lle corresponden ao Banco de España.

No suposto de fundacións bancarias cuxo ámbito de actuación principal exceda o dunha comunidade autónoma, o protectorado será exercido polo Ministerio de Economía e Competitividade. En caso contrario, o protectorado será exercido pola correspondente comunidade autónoma.

Para o exercicio das funcións de protectorado previstas no artigo 35.1, letras c), e), f) e g), da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, que segundo o parágrafo anterior correspondan ao Ministerio de Economía e Competitividade, este solicitará informe previo das comunidades autónomas en que a fundación bancaria desenvolva a súa obra social.

Artigo 46. *Funcións do Banco de España.*

1. Sen prexuízo do previsto no título VI da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, corresponderá ao Banco de España o control do cumprimento das normas contidas no capítulo IV desta lei desde o marco das súas competencias como autoridade responsable da supervisión da entidade de crédito participada e, en particular, valorando a influencia da fundación bancaria sobre a xestión sa e prudente da citada entidade, de conformidade cos criterios establecidos no réxime de participacións significativas previsto no citado título VI da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

2. Para os efectos das funcións de supervisión asignadas no número anterior, o Banco de España poderá:

- a) Realizar as inspeccións e as comprobacións que considere oportunas no exercicio das súas funcións.
- b) Requirir á fundación bancaria canta información resulte necesaria para desenvolver as súas funcións.

O acceso ás informacións e datos requiridos polo Banco de España encóntrase amparado polo artigo 11.2.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Así mesmo, o ministro de Economía e Competitividade, ou o Banco de España coa súa habilitación expresa, poderá desenvolver as normas e modelos a que se deberá suxeitar a contabilidade das fundacións bancarias.

Para o establecemento e modificación das sinaladas normas e modelos será preceptivo o informe previo do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

Artigo 47. *Réxime sancionador.*

O incumprimento das obrigas derivadas do capítulo IV desta lei terá a consideración de infracción moi grave, salvo que a actuación teña carácter ocasional ou illado a criterio do Banco de España, caso en que poderá ser considerada infracción grave.

Será de aplicación o procedemento sancionador previsto na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

CAPÍTULO VI

Obrigas de goberno corporativo

Artigo 48. *Informe anual de goberno corporativo.*

1. As fundacións bancarias farán público, con carácter anual, un informe de goberno corporativo, cuxo contido, estrutura e requisitos de publicación se axustarán ao que dispoña o ministro de Economía e Competitividade.

O informe anual de goberno corporativo será obxecto de comunicación ao protectorado correspondente, xuntando copia do documento en que conste.

2. O informe de goberno corporativo terá o contido mínimo seguinte:

a) Órganos de goberno: estrutura, composición e funcionamento, e determinación da política de nomeamentos.

b) Política de investimento na entidade bancaria: descrición do exercicio dos dereitos correspondentes á participación accionarial durante o exercicio.

c) Outros investimentos: actuacións e política seguida.

d) Política de remuneracións: mecanismos para evitar que a política de remuneracións implique a asunción de riscos excesivos, e remuneracións percibidas polo padroado, individual ou colectivamente, e a dirección xeral, se for o caso.

e) Operacións vinculadas: explicación das operacións levadas a cabo coa entidade bancaria e outras entidades vinculadas.

f) Política de conflitos de interese.

g) Actividade da obra social desenvolvida.

3. A falta de elaboración ou de publicación do informe anual de goberno corporativo das fundacións bancarias, ou a existencia no dito informe de omisións ou datos falsos ou enganosos, comportará as seguintes sancións:

a) Multa por importe de até o 0,5 por cento dos seus recursos propios, ou até 500.000 euros se aquela porcentaxe for inferior a esta cifra.

b) Amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado».

4. Corresponde ao protectorado a competencia para a instrución dos expedientes a que se refire este artigo e para a imposición das sancións correspondentes.

5. O procedemento sancionador substanciarase de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o seu desenvolvemento regulamentario.

CAPÍTULO VII

Réxime fiscal das fundacións bancarias

Artigo 49. *Réxime fiscal.*

1. As fundacións bancarias tributarán en réxime xeral do imposto sobre sociedades e non lles resultará de aplicación o réxime fiscal especial previsto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. As fundacións, ordinarias ou bancarias, que actúen de forma concertada nunha mesma entidade de crédito, nos termos establecidos no número 2 do artigo 43 desta lei, terán o mesmo tratamento fiscal que corresponda ás fundacións bancarias co mesmo grao de participación.

3. A Confederación Española de Caixas de Aforros terá o tratamento fiscal que corresponda ás fundacións bancarias a que se refire o número 1 do artigo 43 desta lei.

Disposición adicional primeira. *Fundacións de carácter especial e fundacións ordinarias.*

1. As fundacións de carácter especial que se constituísen de acordo co previsto no artigo 6 do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros, transformaranse en fundacións bancarias no prazo de seis meses computados desde a data de entrada en vigor desta lei, sempre que cumpran os requisitos previstos nela. En caso de que a súa participación nunha entidade de crédito non alcance os niveis previstos no artigo 32, transformaranse en fundacións ordinarias.

2. As fundacións que no momento de entrada en vigor desta lei manteñan unha participación nunha entidade de crédito que alcance os niveis previstos no artigo 32, só se transformarán en fundacións bancarias no caso de que incrementen a súa participación na entidade de crédito e no prazo de seis meses computados desde a data en que se produza este incremento.

3. Aos supostos previstos nesta disposición adicional seralles de aplicación o referido no artigo 34.3 desta lei.

4. As fundacións de carácter especial poderán adoptar os acordos de transformación que se deban aprobar en cumprimento do disposto nesta disposición adicional, por maioría simple.

Disposición adicional segunda. *Adaptación das caixas de aforros.*

As caixas de aforros que no momento da entrada en vigor desta lei non cumpran os requisitos para continuar operando como tales, nos termos previstos no capítulo II do título II desta lei, disporán dun prazo de seis meses para cumprir tales requisitos ou, en caso contrario, para se transformar en fundación. Para tal efecto, traspasarán todo o patrimonio afecto á súa actividade financeira a outra entidade de crédito a cambio de accións desta última e transformaranse nunha fundación bancaria ou, se for o caso, ordinaria, e perderán a súa condición de entidade de crédito.

Disposición adicional terceira. *Aplicación dos recursos ao cumprimento dos fins das fundacións bancarias.*

As fundacións bancarias reguladas nesta lei non estarán suxeitas aos límites establecidos no artigo 27 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

Disposición adicional cuarta. *Continuidade dos órganos de goberno.*

En canto non se produza a constitución da nova asemblea xeral, o goberno, a representación e a administración das caixas de aforros seguirán atribuídos aos seus actuais órganos de goberno, os cales, en consecuencia, adoptarán os acordos necesarios para a debida execución e cumprimento das normas contidas nesta lei, e quedarán prorrogados os seus mandatos para tales efectos.

Disposición adicional quinta. *Montes de piedade.*

Os montes de piedade poderanse adscribir á obra social das caixas de aforros, ás fundacións bancarias ou ordinarias, ou ás entidades de crédito controladas polas fundacións bancarias a que se refire o artigo 44.3 desta lei.

Disposición adicional sexta. *Denominación de fundacións ordinarias procedentes de caixas de aforros.*

As fundacións ordinarias procedentes dunha caixa de aforros poderán utilizar na súa denominación social e na súa actividade as denominacións propias das caixas de aforros das cales procedan.

Disposición adicional sétima. *Fusións de caixas de aforros e traslado de domicilio social.*

1. As fusións entre caixas de aforros estarán sometidas ao procedemento de autorización previsto na normativa autonómica de desenvolvemento. A denegación da autorización só se poderá producir mediante resolución motivada cando a entidade resultante puidese incumprir calquera dos requisitos obxectivos previstos na citada normativa.

2. O traslado do domicilio social dunha caixa de aforros estará sometido ao procedemento de autorización do proxecto de traslado, de conformidade co previsto na normativa autonómica de desenvolvemento. A denegación da autorización só se poderá producir mediante resolución motivada polo incumprimento dos requisitos obxectivos previstos na citada normativa.

Disposición adicional oitava. *Ampliacións da participación das fundacións bancarias nunha entidade de crédito.*

As fundacións bancarias a que se refire o artigo 44.3 que acudan a procesos de ampliación do capital social da entidade de crédito participada non poderán exercer os dereitos políticos correspondentes a aquela parte do capital adquirido que lles permita manter unha posición igual ou superior ao 50 por cento ou de control.

O Banco de España poderá exceptuar o previsto no parágrafo anterior en caso de que a entidade bancaria participada estea nalgún dos procesos de actuación temperá, reestruturación ou resolución previstos na Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.

Disposición adicional novena. *Procesos de actuación temperá, reestruturación e resolución.*

Os plans de actuación temperá, reestruturación e resolución de entidades de crédito previstos na Lei 9/2012, do 14 de novembro, poderán incluír a obriga das fundacións bancarias de non aumentar ou de reducir a súa participación para efectos de non alcanzar posicións de control.

Disposición adicional décima. *Dividendos nas entidades de crédito controladas por unha fundación bancaria.*

Os acordos de repartición de dividendos nas entidades de crédito controladas por unha fundación bancaria de conformidade co previsto no artigo 44.3 desta lei estarán suxeitos ao quórum de constitución reforzado establecido no artigo 194 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e deberanse adoptar por maioría de, polo menos, dous terzos do capital presente ou representado na xunta. Os estatutos da entidade participada poderán elevar esta maioría.

Disposición adicional décimo primeira. *Confederación Española de Caixas de Aforros.*

1. A Confederación Española de Caixas de Aforros constituída de conformidade co réxime previo á entrada en vigor desta lei poderá estar formada polas caixas de aforros, as fundacións bancarias e as entidades de crédito que se poidan integrar, e manter as funcións e finalidades que desempeña de conformidade co citado réxime e cantas outras determinen os seus estatutos.

2. A Confederación Española de Caixas de Aforros perderá a súa condición de entidade de crédito no momento de entrada en vigor dos estatutos a que se refire o número seguinte, sen prexuízo de que poida prestar os seus servizos a través dun banco participado por ela, nos termos que establezan os seus estatutos.

3. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, a Confederación Española de Caixas de Aforros presentará ao Ministerio de Economía e Competitividade,

para a súa autorización, unha proposta de adaptación dos seus estatutos ao seu novo réxime xurídico.

Disposición adicional décimo segunda. *Federacións de caixas de aforros.*

As caixas de aforros e as fundacións bancarias, así como as entidades de crédito a elas vinculadas, poderanse agrupar por federacións de ámbito territorial, coa finalidade de unificar a súa representación e colaboración cos poderes públicos territoriais, así como a prestación, se for o caso, de servizos técnicos e financeiros comúns ás entidades que abrangan o seu ámbito.

Disposición adicional décimo terceira. *Amortización de cotas participativas.*

No prazo de seis meses contados desde a data de entrada en vigor desta lei, as caixas de aforros que emitisen cotas participativas con anterioridade deberán presentar á aprobación do Banco de España un plan específico de amortización destas. Pasado este tempo, as caixas de aforros non poderán seguir computando as cotas participativas como recursos propios.

Disposición adicional décimo cuarta. *Emisións vivas de caixas de aforros.*

Os instrumentos de débeda emitidos por caixas de aforros que se deban converter en fundacións bancarias e que estean vivos no momento da transformación manterán o réxime xurídico das emisións efectuadas polas entidades de crédito até o seu vencemento.

Disposición adicional décimo quinta. *Denominación das entidades de crédito que recibisen a súa actividade financeira de caixas de aforros.*

As entidades de crédito que recibisen, en todo ou en parte, a súa actividade financeira de caixas de aforros poderán utilizar na súa actividade as marcas ou nomes comerciais notorios ou coñecidos das ditas caixas de aforros, sempre que sexan titulares ou contengan o consentimento previo da entidade titular das ditas marcas ou nomes comerciais.

Disposición adicional décimo sexta. *Réximes forais.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no Convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.

2. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco do disposto nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto na Lei do concerto económico.

Disposición transitoria primeira. *Caixas de aforros de exercicio indirecto.*

1. As caixas de aforros que no momento da entrada en vigor desta lei exerzan a súa actividade como entidade de crédito a través dunha entidade bancaria deberanse transformar, no prazo dun ano, nunha fundación bancaria ou ordinaria, segundo corresponda e seralles de aplicación até ese momento a Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforros, e a súa normativa de desenvolvemento, así como, se for o caso, as disposicións aplicables do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros, incluído o seu réxime fiscal, e o artigo 8.3.d) da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, sen que proceda a adaptación dos seus estatutos e órganos de goberno ao establecido no título I da presente lei, nin a renovación dos ditos órganos de goberno (ou, se for o caso, comisións delegadas ou creadas por eles) por vencemento do seu mandato, que se entenderá prorrogado até a data da dita transformación.

Para proceder á transformación, as caixas de aforros, de acordo co disposto no artigo 35.5 desta lei, non requirirán ningunha autorización administrativa ulterior e deberán unicamente cumprir cos trámites correspondentes ante o protectorado, que, de acordo co disposto no artigo 45 desta lei, debe velar pola legalidade da constitución e funcionamento da fundación en que se vaian transformar.

2. As caixas de aforros que, no momento da entrada en vigor desta lei, estean incursas en causa legal de transformación en fundación de carácter especial das reguladas no artigo 6 do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, con independencia de que solicitasen a renuncia á autorización para actuar como entidade de crédito, contarán co prazo que reste dos seis meses a que se refire o artigo 35.2 contados desde que tivesen incorrido na dita causa.

Pola súa parte, as caixas de aforros que, no momento da entrada en vigor desta lei, leven incursas en causa legal de transformación un período superior aos seis meses de acordo co artigo 6 do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, continuarán o procedemento de transformación en fundación bancaria ou ordinaria segundo corresponda, sen que este se poida estender máis aló de tres meses desde a entrada en vigor desta lei. Nestes casos, as comisións xestoras das fundacións terán plenas facultades para aprobar os seus estatutos, nomear o padroado, determinar os bens ou dereitos procedentes do patrimonio da caixa de aforros que se afectarán á dotación fundacional e adoptar cantos actos ou acordos sexan necesarios para materializar a transformación acaecida, en cumprimento da normativa aplicable.

3. As caixas de aforros que iniciasen o proceso de transformación en fundación de carácter especial bancaria, sen estar incursas en causa legal para isto, continuarán o procedemento e transformaranse en fundación bancaria ou fundación ordinaria, segundo corresponda, sen que o procedemento se poida estender máis aló de seis meses desde a entrada en vigor desta lei. En caso de superar o dito prazo sen que se complete a transformación, resultará de aplicación o previsto no número anterior.

4. Transcorridos os prazos previstos no número 1 desta disposición sen que se completase a transformación en fundación, as caixas de aforros a que se refire esta disposición quedarán automaticamente transformadas con disolución de todos os seus órganos e baixa no rexistro especial de entidades de crédito do Banco de España conforme o procedemento previsto no artigo 35.3.

5. Aos supostos previstos nesta disposición transitoria seralles de aplicación o referido no artigo 34.3.

6. A asemblea xeral da caixa de aforros adoptará os acordos de transformación en fundación bancaria, aprobación de estatutos, nomeamento do padroado e cantos actos e acordos sexan necesarios para materializar a transformación a que se refire esta disposición transitoria, por maioría simple dos conselleiros xerais asistentes.

Disposición transitoria segunda. *Compatibilidade temporal de conselleiros.*

En caso de que o disposto no parágrafo segundo do número 3 do artigo 40 afecte persoas que no momento de entrada en vigor desta lei sexan membros do consello de administración dunha caixa de aforros e simultaneamente membros do consello de administración da entidade bancaria a través da cal aquela exerza a súa actividade como entidade de crédito, permitirase a compatibilidade temporal de todos ou algúns dos conselleiros afectados coas seguintes limitacións:

- a) En ningún caso se poderán exercer funcións executivas no banco e na fundación.
- b) O número de membros compatibles na entidade de crédito non poderá exceder o 25 por cento dos membros do seu consello de administración.

c) A compatibilidade de cada membro manterase até que esgote o seu mandato en curso no momento de entrada en vigor desta lei na entidade bancaria e, en todo caso, non máis tarde do 30 de xuño de 2016.

Disposición derogatoria.

Sen prexuízo do previsto na disposición transitoria primeira, quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei e, en particular, as seguintes:

a) A Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforros.

b) O Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros, excepto o título III e o título V no que se refire ao réxime fiscal dos sistemas institucionais de protección, e a disposición transitoria sexta.

c) Os números 1, no que se refire ás cotas participativas, e até o 10 do artigo 7 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas.*

Modifícase a nota do grupo 812 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, «Caixas de aforros», que queda redactada da seguinte forma:

«Nota: Este grupo comprende as entidades de aforro tales como Confederación Española de Caixas de Aforros, caixas de aforros, caixas rurais, cooperativas de crédito, fundacións bancarias e demais entidades análogas.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Introdúcese unha disposición adicional sétima na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional sétima. *Inclusión nos grupos de entidades das fundacións bancarias.*

Poderán ter a consideración de entidades dependentes dun grupo de entidades regulado no capítulo IX do título IX da Lei do imposto, as fundacións bancarias a que se refire o artigo 43.1 da Lei 26/2013, de caixas de aforros e fundacións bancarias, que sexan empresarios ou profesionais e estean establecidas no territorio de aplicación do imposto, así como aquelas entidades en que estas manteñan unha participación, directa ou indirecta, de máis do 50 por cento do seu capital.

Considerarase como dominante a entidade de crédito a que se refire o artigo 43.1 da Lei 26/2013, de caixas de aforros e fundacións bancarias, e que, para estes efectos, determine con carácter vinculante as políticas e estratexias da actividade do grupo e o control interno e de xestión.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Modifícase o punto I.A) do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real

decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, que queda redactado da seguinte forma:

«I.A) Estarán exentos do imposto:

a) O Estado e as administracións públicas territoriais e institucionais e os seus establecementos de beneficencia, cultura, Seguridade Social, docentes ou de fins científicos.

Esta exención será igualmente aplicable a aquelas entidades cuxo réxime fiscal fose equiparado por unha lei ao do Estado ou ao das administracións públicas citadas.

b) As entidades sen fins lucrativos a que se refire artigo 2 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, que se acollan ao réxime fiscal especial na forma prevista no artigo 14 da dita lei.

Á autoliquidación en que se aplique a exención xuntarase a documentación que acredite o dereito á exención.

c) As caixas de aforros e as fundacións bancarias, polas adquisicións directamente destinadas á súa obra social.

d) A Igrexa Católica e as igrexas, confesións e comunidades relixiosas que teñan subscritos acordos de cooperación co Estado español.

e) O Instituto de España e as reais academias integradas nel, así como as institucións das comunidades autónomas que teñan fins análogos aos da Real Academia Española.

f) Os partidos políticos con representación parlamentaria.

g) A Cruz Vermella Española e a Organización Nacional de Cegos Españóis.

h) A Obra Pía dos Santos Lugares.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.*

Introdúcese unha nova disposición adicional oitava na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Fundacións bancarias.*

As fundacións bancarias rexeranse polo disposto na Lei 23/2013, de caixas de aforros e fundacións bancarias.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2013, introdúcese as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo:

Un. Modifícanse o título, os números 1 e 2, e engádese un número 4 ao artigo 24, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 24. *Obra benéfico-social das caixas de aforros e fundacións bancarias.*

1. Serán deducibles fiscalmente as cantidades que as caixas de aforros e as fundacións bancarias destinen dos seus resultados ao financiamento de obras benéfico-sociais, de conformidade coas normas polas que se rexen.

2. As cantidades asignadas á obra benéfico-social das caixas de aforros e das fundacións bancarias deberanse aplicar, polo menos, nun 50 por cento, no mesmo exercicio a que corresponda a asignación, ou no inmediato seguinte, á realización dos investimentos afectos, ou a sufragar gastos de sostemento das institucións ou establecementos acollidos a aquela.»

«4. A dotación á obra benéfico-social realizada polas fundacións bancarias poderá reducir a base impositiva das entidades de crédito en que participen, na proporción que os dividendos percibidos das citadas entidades representen respecto dos ingresos totais das fundacións bancarias, até o límite máximo dos citados dividendos. Para isto, a fundación bancaria deberá comunicar á entidade de crédito que satisfíxese os dividendos o importe da redución así calculada e a non aplicación da dita cantidade como partida fiscalmente deducible na súa declaración deste imposto.

No caso de non aplicación do importe sinalado aos fins da súa obra benéfico-social, a fundación bancaria deberá comunicar o incumprimento da referida finalidade á entidade de crédito, co obxecto de que esta regularice as cantidades indebidamente deducidas nos termos establecidos no artigo 137.3 desta lei.»

Dous. Modifícase o número 3 e engádesse un número 6 ao artigo 67, que quedan redactados da seguinte forma:

«3. Entenderase por sociedade dependente aquela sobre a que a sociedade dominante posúa unha participación que reúna os requisitos contidos nas letras b) e c) do número anterior.

Tamén terán esta mesma consideración as entidades de crédito integradas nun sistema institucional de protección a que se refire a letra d) do número 3 do artigo 8 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, sempre que a entidade central do sistema forme parte do grupo fiscal e sexa do 100 por cento a posta en común dos resultados das entidades integrantes do sistema e que o compromiso mutuo de solvencia e liquidez entre as ditas entidades alcance o 100 por cento dos recursos propios computables de cada unha delas. Consideraranse cumpridos tales requisitos naqueles sistemas institucionais de protección a través de cuxa entidade central, de maneira directa ou indirecta, varias caixas de aforros de forma concertada exerzan en exclusiva o seu obxecto como entidades de crédito, conforme se dispón no número 4 do artigo 5 do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros.

Consideraranse tamén sociedades dependentes as fundacións bancarias a que se refire o artigo 43.1 da Lei 26/2013, de caixas de aforros e fundacións bancarias, sempre que non teñan a condición de sociedade dominante do grupo fiscal, así como calquera entidade integramente participada por aquelas a través das cales se teña a participación na entidade de crédito.»

«6. No suposto de que unha fundación bancaria perda a condición de sociedade dominante dun grupo fiscal nun período impositivo, a entidade de crédito subrogarase na dita condición desde o inicio deste, sen que se produzan os efectos da extinción do grupo fiscal a que se refire o artigo 81 desta lei, salvo para aquelas entidades que deixen de formar parte do grupo por non ter a condición de dependentes nos termos sinalados no número 3 deste artigo.»

Tres. Modifícase a disposición adicional décimo oitava, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo oitava. *Réxime fiscal especial aplicable ás operacións de reestruturación e resolución de entidades de crédito.*

1. O réxime fiscal establecido no capítulo VIII do título VII desta lei, para as operacións mencionadas no seu artigo 83, incluídos os seus efectos nos demais tributos, será de aplicación ás transmisións do negocio ou de activos ou pasivos realizadas por entidades de crédito a favor doutra entidade de crédito, ao abeiro da normativa de reestruturación bancaria, mesmo cando non se correspondan coas operacións mencionadas nos artigos 83 e 94 desta lei.

2. As entidades de crédito que participen en tales operacións poderán instar o Banco de España ou o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria que solicite informe á Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sobre as consecuencias tributarias que deriven delas.

O informe emitirase no prazo máximo dun mes e terá efectos vinculantes para os órganos e entidades da Administración tributaria encargados da aplicación dos tributos.»

Catro. Engádesse unha disposición transitoria cuadraxésimo segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria cuadraxésimo segunda. *Réxime transitorio aplicable ás entidades dependentes dunha caixa de aforros ou fundación bancaria.*

Terán a consideración de entidades dependentes do grupo fiscal a que se refire o último parágrafo do número 3 e o número 6 do artigo 67 desta lei aquelas entidades integramente participadas por unha caixa de aforros ou fundación bancaria, a través das cales estas pasen a ter a participación na entidade de crédito no prazo previsto na disposición transitoria primeira da Lei 26/2013, de caixas de aforros e fundacións bancarias.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

A Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 61 ter, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 61 ter. *Do informe anual sobre remuneracións dos conselleiros.*

1. Xunto co informe anual de goberno corporativo, o consello das sociedades anónimas cotizadas deberá elaborar un informe anual sobre as remuneracións dos seus conselleiros, que incluírá información completa, clara e comprensible sobre a política de remuneracións da sociedade aprobada polo consello para o ano en curso, así como, se for o caso, a prevista para anos futuros. Incluírá tamén un resumo global de como se aplicou a política de retribucións durante o exercicio, así como o detalle das retribucións individuais devindicadas por cada un dos conselleiros.

2. O informe anual sobre as remuneracións dos conselleiros, a política de remuneracións da sociedade aprobada polo consello para o ano en curso, a prevista para anos futuros, o resumo global de como se aplicou a política de retribucións durante o exercicio, así como o detalle das retribucións individuais devindicadas por cada un dos conselleiros, difundirase e someterase a votación, con carácter consultivo e como punto separado da orde do día, á xunta xeral ordinaria de accionistas.

3. As caixas de aforros que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais deberán elaborar un informe anual sobre as remuneracións dos membros do consello de administración e da comisión de control nos termos previstos no número 1.

4. O informe anual sobre as remuneracións dos membros do consello de administración, a política de remuneracións da sociedade aprobada para o ano en curso, a prevista para anos futuros, o resumo global de como se aplicou a política de retribucións durante o exercicio, así como o detalle das retribucións individuais devindicadas por cada un dos conselleiros, difundirase e someterase a votación, con carácter consultivo e como punto separado da orde do día, á asemblea xeral.

5. O ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, determinará o contido e estrutura do informe de remuneracións que poderá conter información, entre outras

cuestións, sobre o importe dos compoñentes fixos, os conceptos retributivos de carácter variable e os criterios de rendementos elixidos para o seu deseño, así como o papel desempeñado, se for o caso, pola Comisión de Retribucións.»

Dous. Elimínase a letra z) sexies do artigo 100.

Tres. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 104, que queda redactado como segue:

«Cando se trate de infraccións cometidas polas persoas a que se refire o artigo 85.8, as sancións serán impostas de acordo co establecido no artigo 98 desta lei, sen prexuízo da capacidade doutras autoridades competentes da Unión Europea para impor sancións de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1060/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre axencias de cualificación crediticia.»

Catro. Modifícase a letra f) do artigo 106.ter, que queda redactada como segue:

«f) A circunstancia de ter procedido á corrección da infracción por propia iniciativa.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

Un. Engádesse un novo parágrafo l) ao número 2 da disposición adicional segunda da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, que quedará redactado nos seguintes termos:

«l) O artigo 34 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización.»

Dous. O número 1 da disposición adicional cuarta queda redactado do seguinte modo:

«1. Poderase homologar xudicialmente o acordo de refinanciamento que, tendo sido subscrito por acredores que representen polo menos o 55 por cento do pasivo titularidade de entidades financeiras, reúna, no momento de adopción do acordo, as condicións do artigo 71.6 da presente lei relativas á designación de experto independente e elevación a instrumento público. Pola homologación xudicial os efectos da espera pactada para as entidades financeiras que o subscribisen esténdese ás restantes entidades financeiras acreedoras non participantes ou disidentes cuxos créditos non estean dotados de garantía real. Para os efectos do disposto neste número, os préstamos ou créditos transmitidos á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. e que sexan de titularidade desta ou daqueles que, por calquera título, os adquiran dela serán considerados como se o foren de entidades financeiras para os efectos do cómputo da maioría necesaria para a homologación xudicial do acordo de refinanciamento.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

Modifícase o número 4 do artigo 104 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que queda redactado como segue:

«4. Non se devindicará o imposto con ocasión das achegas ou transmisións de bens inmoables efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que se lle transferisen, de acordo co establecido no artigo 48 do Real decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos.»

Non se producirá a devindicación do imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., a entidades participadas directa ou indirectamente pola dita sociedade en polo menos o 50 por cento do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no momento inmediatamente anterior á transmisión, ou como consecuencia dela.

Non se devindicará o imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, aos fondos de activos bancarios, a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, do 14 de novembro.

Non se devindicará o imposto polas achegas ou transmisións que se produzan entre os citados fondos durante o período de tempo de mantemento da exposición do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria aos Fondos, previsto no número 10 da dita disposición adicional décima.

Na posterior transmisión dos inmobles entenderase que o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos non se interrompeu por causa da transmisión derivada das operacións previstas neste número.»

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.*

Engádesse un novo número 10 á disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito:

«10. A Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. (Sareb) deberá cumprir coas obrigas xerais de formulación de contas anuais nos termos previstos no Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, salvo o disposto no artigo 537, coas especificidades necesarias para asegurar a consistencia dos principios contables que lle sexan de aplicación co mandato e os obxectivos xerais da sociedade establecidos na presente lei e os que se fixen regulamentariamente. As ditas especificidades son as seguintes:

a) O rexistro contable inicial dos activos transferidos á Sareb farase de acordo co previsto na disposición adicional oitava da presente lei, atendendo ao seu valor de transmisión.

b) Para determinar os valores actualizados dos activos, o Banco de España desenvolverá os criterios en que se sustentará a metodoloxía que empregará a Sareb para estimar o valor dos activos, a cal será acorde coa empregada para a determinación dos prezos de transferencia á Sareb. As valoracións posteriores deberanse calcular tendo en conta as especificidades da Sareb, a evolución dos prezos de mercado e de acordo cos horizontes temporais previstos no plan de negocio.

c) As correccións valorativas que resulten necesarias por aplicación da letra b) anterior calcularanse por unidades de activos. Para tal efecto, considerarase como unidade de activos cada categoría de activos individualmente descritos no artigo 48.1 do Real decreto 1559/2012.

d) Os ingresos xerados como consecuencia do proceso de xestión e liquidación ordenada de todos os activos transferidos entenderanse obtidos da actividade ordinaria da empresa e, como tales, recolleranse na conta de perdas e ganancias da entidade formando parte do seu «Importe neto da cifra de negocios».

Habilítase o Banco de España para desenvolver, mediante circular, as especificidades anteriores, en particular a sinalada na letra b). A circular deberá ser aprobada no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta norma. Para a aprobación e modificación da circular que o Banco de España dite sobre as ditas

especificidades será preceptivo o informe previo do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, no que se fará especial referencia á congruencia dos criterios que sustentan a metodoloxía de valoración cos utilizados para a transmisión dos activos á Sareb. En todo caso, o Banco de España resolverá as consultas que formule a Sareb acerca das especificidades anteriores.»

Disposición derradeira décima. *Títulos competenciais.*

1. Esta lei dítase de conformidade co previsto nas regras 11.^a e 13.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que atribúen ao Estado as competencias sobre bases da ordenación do crédito, banca e seguros e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

O capítulo VII do título II e as disposicións derradeiras primeira, segunda, terceira e quinta dítanse de conformidade co previsto no artigo 149.1.14.^a da Constitución española que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre facenda xeral e débeda do Estado.

Así mesmo, o establecido nesta lei en materia de obrigas de goberno corporativo e réxime especial e supletorio da normativa societaria dítase de conformidade co previsto no artigo 149.1.6.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación mercantil.

2. Non terán o carácter de norma básica os preceptos desta lei que a continuación se relacionan:

- a) O número 2 do artigo 4 no que se refire ao número de membros da asemblea xeral.
- b) O número 1 do artigo 8.
- c) O número 2 do artigo 11.
- d) Os parágrafos segundo e terceiro do número 1 do artigo 14.
- e) O número 2 do artigo 15 no que se refire ao número de membros do consello de administración.
- f) O artigo 30.
- g) O número 1 do artigo 39 no que se refire ao número de membros do padroado.

Disposición derradeira décimo primeira. *Adaptación da lexislación das comunidades autónomas en materia de caixas de aforros.*

No prazo de seis meses, contados desde a entrada en vigor desta lei, as comunidades autónomas adaptarán a súa lexislación sobre caixas de aforros ao disposto nela.

Disposición derradeira décimo segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase o Goberno para adoptar as medidas e ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira décimo terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY